

Programa Educativo

Ulla Elemental

A emigración
en Vedra


100
anos
das Sociedades
de Emigrantes do
Concello de Vedra



Concello
de Vedra

100

anos
das Sociedades
de Emigrantes do
Concello de Vedra



A emigración
en Vedra



Título:

A Emigración en Vedra

Edita:

Concello de Vedra

Autores:

Jorge Cerdeira Louro

Rocío Botana Iglesias

Coordinador xeral do Programa:

Iván García García

Coordinador Pedagóxico de materiais e recursos didácticos:

Xesús Rodríguez Rodríguez

Corrección lingüística:

José Chas Bao

Colaboradoras:

Covadonga Menéndez Avello

Celia Alegre Maceira

Copyright da edición: Concello de Vedra

Copyright dos textos: Os autores

Imprime:

Litonor

ISBN: 978-84-692-7532-0

Dep. Legal: C 4258-2009

ÍNDICE

LIMIAR.....	7
PRESENTACIÓN.....	9
A EMIGRACIÓN EN VEDRA	
1. A EMIGRACIÓN, FENÓMENO UNIVERSAL E INTEMPORAL.....	13
2. A EMIGRACIÓN EN VEDRA DURANTE OS SÉCULOS XIX E XX: OS EMIGRANTES, OS DESTINOS E OS TRANSPORTES.....	14
2.1. Contexto xeográfico.....	14
2.2. Os emigrantes, os nosos protagonistas.....	17
2.3. A emigración masiva: datas e destinos.....	20
2.4. A viaxe migratoria: medios e condicións.....	22
3. AS CAUSAS DA EMIGRACIÓN NO CONCELLO DE VEDRA.....	26
3.1. Factores de expulsión presentes no caso de Vedra.....	27
3.2. Factores de atracción.....	29
3.3. Factores facilitadores.....	30
4. A CHEGADA A AMÉRICA E A FUNDACIÓN DAS SOCIEDADES DE EMIGRANTES.....	33
4.1. A chegada a América.....	33
4.2. A fundación das sociedades de emigrantes.....	34
4.3. As sociedades de Vedra en Bos Aires.....	37
5. OS EMIGRANTES NO PAÍS DE ACOLLIDA. VEDRA NA ARXENTINA.....	46
5.1. Os traballos.....	46
5.2. As festas e a vida social.....	49
5.3. As súas obras colectivas na Arxentina.....	52
5.3.1. Órganos de prensa.....	52
5.3.2. Mutualidade e asistencia médica.....	54
5.3.3. Locais sociais.....	56
6. VEDRA, UN CONCELLO MARCADO POLA EMIGRACIÓN. AS CONSECUENCIAS.....	57
6.1. Consecuencias económicas.....	57
6.2. Consecuencias sociais.....	60

6.3. Consecuencias educativas e culturais.....	61
6.4. Consecuencias nas mentalidades. O feito relixioso.....	64
6.5. Consecuencias demográficas. A inmigración.....	66
7. O RETORNO DOS EMIGRANTES DE VEDRA, DAS SÚAS FAMILIAS E DESCENDENTES.....	67

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

8. PRESENTACIÓN DAS ACTIVIDADES DIDÁCTICAS.....	73
9. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA 3º E 4º DE PRIMARIA.....	74
9.1. Introducción.....	74
9.2. Obxectivos.....	74
9.3. Contidos.....	75
9.4. Metodoloxía.....	76
9.5. Temporalización.....	76
9.6. Recursos.....	76
9.7. Avaliación.....	77
9.8. Actividades.....	78
9.8.1. A emigración, fenómeno universal e intemporal.....	78
9.8.2. A emigración en Vedra durante os séculos XIX e XX: Os emigrantes, os destinos e os transportes.....	79
9.8.3. As causas da emigración no Concello de Vedra.....	81
9.8.4. A chegada a América e a fundación das sociedades de emigrantes.....	83
9.8.5. Os emigrantes no país de acollida. Vedra na Arxentina.....	84
9.8.6. Vedra, un concello marcado pola emigración. As consecuencias.....	87
9.8.7. O retorno dos emigrantes de Vedra, das súas familias e descendentes.....	89
10. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA 5º E 6º DE PRIMARIA.....	89
10.1. Introducción.....	89
10.2. Obxectivos.....	89
10.3. Contidos.....	90
10.4. Metodoloxía.....	91
10.5. Temporalización.....	91
10.6. Recursos.....	91
10.7. Avaliación.....	92
10.8. Actividades.....	93

10.8.1. A emigración, fenómeno universal e intemporal	93
10.8.2. A emigración en Vedra durante os séculos XIX e XX: Os emigrantes, os destinos e os transportes.....	95
10.8.3. As causas da emigración no Concello de Vedra.....	96
10.8.4. A chegada a América e a fundación das sociedades de emigrantes.....	98
10.8.5. Os emigrantes no país de acollida. Vedra na Arxentina.....	100
10.8.6. Vedra, un concello marcado pola emigración. As consecuencias.....	102
10.8.7. O retorno dos emigrantes de Vedra, das súas familias e descendentes.....	104
11. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA 1º E 2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA	
OBLIGATORIA	106
11.1. Introducción.....	106
11.2. Obxectivos.....	106
11.3. Contidos.....	107
11.4. Metodoloxía.....	108
11.5. Temporalización.....	108
11.6. Recursos.....	108
11.7. Avaliación	109
11.8. Actividades	110
11.8.1. A emigración, fenómeno universal e intemporal	110
11.8.2. A emigración en Vedra durante os séculos XIX e XX: Os emigrantes, os destinos e os transportes.....	112
11.8.3. As causas da emigración no Concello de Vedra.....	114
11.8.4. A chegada a América e a fundación das sociedades de emigrantes.....	116
11.8.5. Os emigrantes no país de acollida. Vedra na Arxentina.....	117
11.8.6. Vedra, un concello marcado pola emigración. As consecuencias.....	119
11.8.7. O retorno dos emigrantes de Vedra, das súas familias e descendentes.....	119
12. BIBLIOGRAFÍA	121

A emigración en Vedra



LIMIAR

A finais do ano 2010 cumpriran cen anos dúas das nosas sociedades de emigrantes fundadas en Bos Aires, motivo polo que o Concello de Vedra, en colaboración coa *Sociedad Progreso y Cultura Parroquial de Vedra en Buenos Aires* e a *Sociedad Agrícola y Cultural de Residentes del Municipio de Vedra en Buenos Aires*, está a promover un proxecto de celebración do Centenario acorde coa importancia da efeméride e da emigración en Vedra.

Na raíz do proxecto de celebración do Centenario están os contactos intensos e ininterrompidos que dende hai varias décadas manteñen o Concello de Vedra e as sociedades de emigrantes de Vedra en Bos Aires nun plano formal e institucional. No marco desas relacións tivo lugar no ano 1999 a doazón ao Concello da documentación pertencente á *Sociedade de Residentes del Municipio de Vedra en Buenos Aires*, pasando a formar parte do Arquivo Municipal un patrimonio documental e bibliográfico de incalculable valor histórico e sentimental.

É neste proxecto onde se enmarca a elaboración da presente proposta didáctica. A súa existencia foi demandada polos homes e mulleres que compoñen o Comité Técnico do Centenario e asumida pola Alcaldía, na crenza de que pode axudarnos a entender os procesos históricos que nos afectaron, a coñecernos mellor como sociedade, e a garantir que os máis novos non esquezan este feito na construción dun futuro común.

Permítanme, para rematar, que me sirva da oportunidade que se me brinda neste limiar para tributarlle unha sentida homenaxe aos homes e mulleres que dende Bos Aires, con moito sacrificio persoal, fixeron posible a existencia das sociedades de emigrantes e a aqueles que, dende as nosas institucións, loitaron pola conservación da memoria de todos. Para eles, Honra e Gloria.

Odón C. Cobas García.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VEDRA.

A emigración en Vedra

100 años
das Sociedades
de Emigrantes do
Concello de Vedra



PRESENTACIÓN

Acometemos a realización da presente proposta didáctica no amplo contexto das actividades previstas polo Concello de Vedra para conmemorar, en colaboración coas mesmas, o Centenario das súas sociedades de emigrantes existentes na cidade de Bos Aires no vindeiro ano 2010.

Inscrita no Programa Educativo *Ulla Elemental*, nace a proposta didáctica de idénticas necesidades e comparte plenamente o seu mesmo obxectivo xeral, ou sexa: potenciar o coñecemento do patrimonio natural e histórico-cultural de Vedra e da Ulla.

Tendo por certo que o coñecemento das transformacións sociais, económicas, políticas e culturais a nivel local, microhistórico, postas en conexión coas de nivel macrohistórico é fundamental para a comprensión cabal e crítica do noso entorno presente, acometemos a tarefa de elaborar uns materiais sobre a emigración en Vedra. Unha proposta didáctica que pretende ser unha ferramenta educativa ao servizo dos mestres de primaria e do 1º ciclo de secundaria e dos seus alumnos adscritos aos centros educativos do noso concello.

Consta o presente traballo, canto á súa estrutura, de dúas partes ben diferenciadas:

- Nunha primeira parte achéganse uns materiais de consulta e lectura coa virtualidade de poder aportar un coñecemento básico sobre o tema ao público lector en senso amplo.
- Na segunda parte ofrécese unha proposta de actividades axeitada a cada nivel educativo obrigatorio, a excepción do primeiro e segundo curso de primaria para os que non se propoñen actividades —aínda que queda aberta a posibilidade de incorporalas nun futuro próximo—.

Os recursos didácticos contidos na proposta deben ser capaces de aportar coñecementos históricos, ao tempo que teñen que incidir nos valores necesarios para que unha sociedade democrática enfrente retos da magnitude aos que nos expón o fenómeno migratorio global tan característico deste tempo. A emigración/inmigración, con consecuencias visibles e observables no contorno inmediato dos nenos e nenas, necesita ao noso entender, unha visión de conxunto que o faga comprensible na súa raíz e complete as pezas dun quebracabezas ao que só fragmentariamente ten acceso a maior parte da poboación deste concello.

Dada a amplitude e natureza do fenómeno migratorio que lle afectou a Vedra dende hai uns douscentos anos e que ten manifestacións moi concretas nos ámbitos sociais, culturais e educativos, non debemos desatender as potencialidades que o tema emigración nos ofrece para desenvolver obxectivos curriculares de educación en valores e actitudes entre os nenos e nenas. De aí que, independentemente da oportunidade que a impulsa, esperamos que esta proposta didáctica sexa considerada pola comunidade escolar como axeitada para incidir en contidos transversais do deseño curricular como: a tolerancia intercultural, a solidariedade e altruísmo ou, a importancia central da educación dentro dos dereitos humanos. Iso desexamos.

Son, polo tanto, **obxectivos fundamentais** desta proposta didáctica, os seguintes:

- Axudar aos nenos/as e mestres/as a ter unha visión de conxunto do proceso migratorio que lle afectou á nosa bisbarra relacionándoo co fenómeno de magnitude mundial acontecido no mesmo período de tempo.
- Fomentar a educación en valores, incidindo especialmente na importancia da interculturalidade e traballando os valores de tolerancia e solidariedade.
- Tentar que nenos, mestres e contorna social en xeral, coñezan a dimensión extraterritorial da comunidade á que pertencen, poñéndoos en relación cos emigrados, ou os seus descendentes residentes noutros países nomeadamente cos residentes en Bos Aires, coa finalidade de asentar unha identidade común que non perigue nun futuro próximo e que sexa fonte de oportunidades para as xentes de Vedra no seu conxunto.


Principais contidos integrados na proposta didáctica:

- Os emigrantes, os destinos e os transportes protagonistas da emigración masiva a América.
- Principais causas da emigración no concello de Vedra.
- Pegada e importancia dos emigrantes nos países de acollida.
- Consecuencias da emigración en Vedra.
- Retorno dos emigrantes ou dos seus descendentes.

Creemos que con estes contidos, e aplicando os procedementos e metodoloxía que máis adiante se propoñen, axudaremos a superar significativas lagoas educativas que, se instaláron no sistema educativo dificultando, dese xeito, o coñecemento dun proceso histórico de tanta relevancia para Galicia.

A emigración en Vedra

Material de consulta e lectura



A emigración en Vedra

MATERIAL DE CONSULTA E LECTURA




A EMIGRACIÓN EN VEDRA

1. A EMIGRACIÓN, FENÓMENO UNIVERSAL E INTEMPORAL

Dende que hai uns tres millóns de anos os primeiros homínidos se ergueron sobre os seus pés nos afastados vales de África do leste, a especie humana non cesou de desprazarse e estenderse por toda a superficie do planeta.

Partindo do berce africano distintos grupos da nosa especie, en diferentes estadios evolutivos, fóronse desprazando por toda Asia e Europa para finalmente poboar América de norte a sur e asentarse de xeito permanente nas terras máis favorables para a vida.

Foi un proceso lento, pero ininterrompido, no que uns centos de miles de individuos empregaron millóns de anos en diseminarse por toda a terra. Un longo camiño emprendido por múltiples causas conxunturais pero no que sempre atopamos a mesma motivación de fondo, a loita pola supervivencia. Migrar é, polo tanto, un dos comportamentos que definen ao ser humano, aínda que é compartido con milleiros de especies deste planeta.



Mapa do Mundo coas principais rutas comerciais transatlánticas, no caso de Europa tamén migratorias. Editado en Liverpool por Philip, Son & Nephew, Ltd. en 1922

Durante a historia máis recente do Continente Europeo, falamos dos últimos cincocentos anos, asistimos a transformacións importantísimas e a descubrimentos científicos e xeográficos (a invención da máquina de vapor, entre outros moitos, ou o descubrimento de América polos europeos), capaces de conseguir que no espazo de tempo que vai do ano 1820 ao 1930, fose posible que máis de 60 millóns de persoas atravesaran navegando distancias de entre oito e doce mil quilómetros para asentarse de xeito temporal ou definitivo no continente americano, ata ese momento menos densamente poboado que o asiático ou o europeo. A Revolución Industrial, coa súa consecuenta revolución nos transportes, tanto marítimos coma terrestres, provocou e ao mesmo tempo puxo os medios, para que ese xigantesco desprazamento colectivo se puidese levar a cabo.

Dentro do conxunto das migracións europeas, os galegos non fomos nin os primeiros nin os últimos que emigramos alén mar, pero si un dos pobos que figura nos primeiros postos desas listas (máis de dous millóns de persoas) porque, sen ser un fenómeno exclusivo de Galicia, a emigración constitúe un dos feitos máis salientables da nosa historia. Dentro deste contexto, foi Vedra un dos concellos que, xunto aos do litoral pontevedrés e aos da cornixa cantábrica galega, soporou unha máis intensa e temperá emigración ultramariña.

2. A EMIGRACIÓN EN VEDRA DURANTE OS SÉCULOS XIX E XX

2.1. Contexto xeográfico

Ao sueste de Santiago de Compostela, e formando parte do curso medio do Ulla, atópase o municipio de Vedra; a súa arteria principal leva o nome de Avenida do Mestre Manuel Gómez Lorenzo como homenaxe a un querido mestre de moitos dos que emigraron




Ponte Ulla a mediados do século XX

a primeiros do século XX. As vías de comunicación que historicamente uniron Santiago con Ourense e a Ría de Arousa co interior das provincias de A Coruña e Lugo, cruzan o termo municipal.

Este concello está formado xa dende o século XVII polas doce parroquias que existen na actualidade, e que naquelas datas pertencían ao Arcebispado de Santiago de Compostela. Estas son: San Xián de Sales; San Fins de Sales; Santo André de Illobre; Santa Baia de Vedra; Santo André de Trobe; San Pedro de Sarandón; San Miguel de Sarandón; San Cristovo de Merín; San Pedro de Vilanova; San Mamede de Ribadulla; Santa Cruz de Ribadulla e Santa María Madalena de Ponte Ulla.





Mapa de densidade da poboación de España editado en Madrid no ano 1860 onde o Partido Xudicial de Padrón, ao que pertencía Vedra, aparece como un dos máis densamente poboados de España

Nos seguintes tres séculos, a poboación de Vedra mantívose bastante estable, contando cun número de habitantes que se estima entre os cinco mil cincocentos individuos e os preto de sete mil nas décadas de maior prosperidade económica e densidade demográfica. Dende 1887, data da elaboración do primeiro censo moderno, ata 1920 sufriu unha mingua demográfica cativa pero constante, debida á forte incidencia no poboamento que tivo a onda migratoria cara alén mar.

A partires de 1930 inverteuse a tendencia e a poboación de Vedra aumentou. Entre as causas deste incremento están: a crise económica mundial, iniciada no ano 1929 tralo crack da bolsa estadounidense, e máis tarde, do ano 1936 ao 1945 coa Guerra Civil española e a Segunda Guerra Mundial, conxunturas globais que frearon a corrente migratoria galega a ultramar.

Entre 1945 e 1970 acentuouse a crise demográfica provocada de novo por unha forte vaga migratoria, primeiro cara o continente americano e a partires de 1960 cara Europa e

as áreas máis industrializadas de España (País Vasco, Barcelona e Madrid). Na actualidade Vedra conta cunha poboación estabilizada arredor dos cinco mil cen habitantes.

Vedra foi no pasado, e aínda que con outras características tamén o é na actualidade, un concello eminentemente rural, cunha base económica cimentada, ata as últimas décadas do século XX, na agricultura e a gandaría. Atópase na área de influencia de Santiago de Compostela, en menor medida da Estrada, e formando parte no pasado do Partido Xudicial de Padrón polo que a política, a economía, a sociedade e a cultura estiveron sempre fortemente ligadas ás desas vilas máis urbanas e prósperas. Consecuencias desta situación xeográfica e administrativa foron uns niveis de actividade socioeconómica máis intensa que a que tiñan concellos de tamaño e características demográficas semellantes, pero que carecían dunha situación xeográfica tan interesante.

2.2. Os emigrantes, os nosos protagonistas

No Arquivo Municipal de Vedra consérvanse varios censos e padróns que nos proporcionan unha información moi completa en canto ás características demográficas deste concello nos últimos cento cincuenta anos. Así, ademais de aparecer identificados a meirande parte dos veciños por nome e apelidos, tamén se fai referencia, entre outros aspectos, á idade, data e lugar de nacemento, data e lugar de residencia nese intre, estado civil, profesión, nivel de alfabetización e, en moitos casos, especificábase se emigraron e cara onde.

Nas últimas décadas do século XIX, os datos recollidos nos distintos censos poñen de manifesto que preto do 30% dos homes nados en Vedra están nesas datas fóra de Galicia. Teñen estes homes idades comprendidas entre os 20 e os 30 anos, a maioría deles eran solteiros e contaban cunha idade media de 26 anos (os emigrantes casados teñen de media 40 anos), e que



Manuel Espiño emigrante de Vedra en Bos Aires á idade de 16 anos (c.a. 1900)

se dirixen a Cádiz ou cada vez máis ás américas, segundo se recolle no Padrón municipal de 1898.

Durante o período comprendido entre 1860 e 1930, que é o que podemos considerar de maior incidencia da emigración no noso concello, o perfil dos emigrados foi cambiando, sendo a distinta proporción entre homes e mulleres integrantes do continxente migratorio unha das causas principais desa variación. Se nos inicios da emigración en masa a presenza de mulleres era practicamente anecdótica, a medida que transcorren as primeiras décadas do século XX, o seu número foi en aumento, ata equipararse na segunda metade do século. O padrón municipal de 1898 reflicte que tan só 27 mulleres foron as que se ausentaron do seu domicilio e, dese número, a metade consta que está traballando en concellos limítrofes, coma os da Estrada ou Santiago de Compostela. Fronte a esa cifra, 330 homes están fóra do seu domicilio nesa data. No padrón de 1930 observamos como 59 mulleres (a maioría emigradas na Arxentina) e 230 homes forman o continxente migratorio deste concello prefigurando, deste xeito, unha nova tendencia na composición do mesmo, maior presenza de mulleres, que se acentuará tras a Segunda Guerra Mundial.

As leis especialmente restritivas para a emigración feminina foron, aínda que non as únicas, unha das causas que dificultaban a participación da muller na corrente migratoria transoceánica. A Lei de Emigración de 1907 establecía que as solteiras menores de vinte e tres anos non podían emigrar se non ían acompañadas dos seus pais, parentes ou persoas respectables, e no 1914 a lexislación migratoria endureceuse nese senso ao elevar até os vinte e cinco anos a idade legal de embarque para as mulleres solteiras que desexaran viaxar soas rumbo a América.

Así as cousas, a maioría destas mulleres non tomaban a decisión de emigrar por si mesmas como era o máis habitual no caso dos homes. En moitos casos, os aumentos de mulleres na emigración débense a que eran reclamadas polos seus homes, pais ou irmáns xa residentes alén mar. Estes homes unha vez asentada a súa situación económica e, dependendo das expectativas de retorno que tiveran, podían chamar á súa beira ao resto dos integrantes da unidade familiar. Os reagrupamentos familiares fixeron, entón, que o



Dorinda Pereira, emigrante de Vedra en Teruel.
Finais do século XIX



Jesusa Lobato no libro de pasaportes dos emigrantes do concello de Vedra, 1930. Jesusa Lobato en Bos Aires a idade de 101 anos, 2009



número de mulleres que cruzaban o Atlántico aumentara segundo avanzaba o século XX.

Foron maiormente homes solteiros os que antes colleron o camiño da emigración e, segundo se desprende das fontes consultadas, chama a atención que os que emigraban sabían ler e escribir nunha porcentaxe maior ca os que non daban ese paso. No caso dos emigrantes, declaraban saber ler e escribir, xa a finais do XIX, case o 85%, unha cifra que está moi por enriba dos niveis de alfabetización medios en Galicia, en torno ao 65%, nesas datas. Esta máis que notable diferenza pode explicarse, en parte, polos esforzos dos candidatos a emigrantes en prepararse mellor para os posibles traballos na emigración. Debemos ter en conta que moitos dos que estaban emigrando a primeiros do século XX facían chamados por familiares ou amigos e con ofertas de emprego para o pequeno comercio da Habana



Familia de Pedro Gómez emigrado en Bos Aires arredor de 1915

Jaime Espiño, emigrante en Bos Aires, posando nunha fotografía para a súa familia de Vedra, 1916



ou de Bos Aires. Os que pretendían marchar, aconsellados polos seus contactos en América, facían un esforzo para aprender a ler, escribir e coñecer as catro regras numéricas básicas, habilidades que non se sentían coma imprescindibles para o día a día dos que quedaban nas tradicionais tarefas agrícolas.

Outro dos aspectos que caracteriza aos emigrantes do concello de Vedra durante esta etapa, e podemos dicir que aos galegos en xeral, é o de pertencer a estratos socioeconómicos medios. A nivel xeral, nin os individuos pertencentes ás familias máis podentes economicamente ou donos de industrias prósperas, nin os que pertencían ás familias máis pobres, marchan cara América nas primeiras décadas da emigración masiva. Os prezos das pasaxes dos barcos facían de criba para aqueles que non tiñan terras sobre as que pedir prestado. Doutra banda, aqueles que dispoñían dunhas rendas ou eran donos dalgunha industria, comercio, etcétera, non tiñan porque someterse ao risco e ao sufrimento que supoñía emigrar. Foron, polo tanto, aqueles que contaban con algúns aforros, bens que vender, gando ou madeira nos montes, ou tiñan propiedades para hipotecar, os que máis doadamente puideron pagar unha das pasaxes de terceira nos transatlánticos de vapor que, facendo escala nalgún dos principais portos galegos, unían Europa coas Antillas e Sudamérica. Portos galegos como os de Vigo, A Coruña ou Vilagarcía, que non foron nun tempo o lugar onde remataba a terra e empezaba un océano, senón máis ben, unha porta pola que entraban e saían emigrantes de todas as idades e condicións.

2.3. A emigración masiva: datas e destinos

No século XVII xa se atopan referencias de emigración temporal dende a Ulla e, en concreto, dende varias parroquias deste concello a Andalucía. Tratábase basicamente de

campesiños que traballaban por períodos de tres ou catro anos nos viñedos de Sanlúcar de Barrameda ou que se ocupaban das duras faenas da sega en Castela durante a estación do verán.

A emigración dende Vedra cara Cádiz e, en menor medida cara os países americanos, intensificouse durante o século XVIII. Ata finais deste período o destino gaditano prevaleceu sobre as ausencias en colonias da Coroa española no novo continente. Sen embargo, é patente que xa hai unha emigración importante ultramarina que puido ser maior da recoñecida oficialmente se consideramos a posibilidade de que moitos dos homes que se dirixiron a Cádiz, e a Lisboa, nun primeiro momento do seu periplo migratorio, puideron embarcar dende eses portos rumbo a algunha das colonias españolas, como parece que así sucedeu nalgúns casos que se teñen documentado.

A primeiros do século XIX, as guerras de independencia que desembocan na descolonización española da meirande parte de América e a posterior aparición das distintas repúblicas no continente provocan que se interrompa o fluxo migratorio e incluso se produzan algúns retornos motivados pola hostilidade cara todo o español.

As actas municipais do concello de Vedra a partir de 1838 mostran a acusada preferencia polos destinos andaluces, e a partires de 1840 tamén son frecuentes as ausencias a



Mapa dos Reinos de Galicia, Asturias e León da autoría de Giovanni Maria Cassini editado en Roma no ano 1794

Portugal de mozos que tratan de fuxir do servizo militar obrigatorio. Nas décadas de 1850 a 1880 segue a producirse unha emigración constante dende as terras da Ulla cara Cádiz, aínda que cada vez é maior a tendencia a dirixirse ao Río da Prata, en concreto, en dirección á cidade de Bos Aires. En 1898, ano no que se realiza o primeiro Padrón Municipal



Vista do Paseo da Habana (Cuba) a primeiros do século XX



Vista da rúa Florida (Bos Aires) a primeiros do século XX

en Vedra, a inmensa maioría dos ausentes atópanse en países do continente americano. Dende esta data até a década de 1960, aproximadamente, os emigrantes de Vedra non deixarán de ter como destino preferente a República Arxentina e en menor medida Cuba, Uruguai, Brasil e Porto Rico.

2.4. A viaxe migratoria: medios e condicións

A travesía oceánica, nos inicios da emigración a América, comezou a realizarse en buques de vela que non tiñan capacidade para transportar unha gran cantidade de pasaxeiros. Non será ata a segunda metade do século XIX cando se comecen a percibir importantes melloras nos buques de vela para adaptalos ao transporte de pasaxeiros e facilitar as condicións da travesía. O cambio máis importante deuse arredor do 1870, data na que se empezaron a empregar transatlánticos de vapor para cubrir as rutas migratorias dende Galicia a América, o que supuxo un cambio significativo nas condicións da viaxe. Esas melloras notábanse principalmente na redución do tempo da viaxe, ao non depender

tanto da forza do vento e das condicións meteorolóxicas; no aumento da regularidade das saídas e chegadas e, na calidade da estancia a bordo do barco, máis amplo e seguro.

Un exemplo da emigración transoceánica realizada nun buque de vela é a viaxe de Manuel Álvarez Pérez (Vedra 1866-1952), reconstruída a partir do relato dun neto seu. O protagonista da odisea relatoulle ao seu descendente o que moitos tiveron que sufrir para poder chegar a terras americanas. Manuel dicía que marchara para Bos Aires na *casca dunha noz*, ese era o cualificativo que lle merecía o barco de vela no que embarcara en Vilagarcía. Nacera no ano 1866 na aldea do Burgo, na parroquia de Vedra, e marchou para Bos Aires con dezaoito anos para evitar o servizo militar. Como todos os mozos desa idade, estaba suxeito á leva forzosa para servir no exército e, polo tanto, non podía abandonar o país legalmente. Debido a iso, *embarcou pola alta*, segundo a expresión empregada naquel entón para referirse aos embarques clandestinos dos que se dirixían cara América. Facíase dito embarque despois de que o barco abandonase os peiraos, case sempre de noite, coa intención de evitar os controis das autoridades portuarias e aduaneiras. Viaxar dese xeito elevaba o prezo dunha pasaxe xa cara de por si. O sobreprezo pagado era necesario para subornar ás autoridades portuarias, á oficialidade dos barcos e aos axentes das navieiras que tiñan, así, unha fonte de ingresos extra, por non dicir un negocio moi lucrativo coa emigración clandestina. Con todo iso, moitos preferían pagar ese prezo a ter que servir no exército. Era unha cuestión de facer números e mesmo de salvar a vida.

A travesía recordábaa Manuel, xa de vello, como moi dura e perigosa. Ían amoreados na cuberta do barco sen unhas mínimas condicións de hixiene, os mareos dos embarcados eran constantes e, a comida era escasa e cativa. Tiñan que soportar as inclemencias atmosféricas sen ningunha protección. O tempo que se tardaba en cruzar o Atlántico nos barcos de vela era moi variable, dende vinte días ata mesmo dous meses. O certo é que no ano 1885 xa estaba en Bos Aires.

Pero non todos os emigrantes de Vedra padeceron as incomodidades durante a viaxe atlán-



Manuel Álvarez Pérez á idade de 19 anos en Bos Aires. Ano 1885

MATERIAL DE CONSULTA E LECTURA

tica. Un exemplo disto é o caso de Felipe Abeleira, unha das persoas destacadas das sociedades de Vedra na Arxentina, que a través dunha carta describe as comodidades coas que viaxa no ano 1919 de volta a Galicia.


Moi vinculada á substitución da vela polo vapor está a chegada aos portos galegos das grandes navieiras europeas, pertencentes a capitais e inversores de países coma Inglaterra, Alemaña ou Holanda,

que en pouco tempo se farían as donas do tráfico de pasaxeiros entre os portos galegos e os americanos deixando, aos relativamente pequenos armadores galegos, no papel de consignatarios, delegados, das grandes armadoras internacionais.

Os transatlánticos das principais compañías armadoras europeas facían escala na Coruña, Vilagarcía e Vigo para dirixirse logo cara Lisboa e continuar viaxe a Cuba, Brasil, Uruguai e Arxentina. A maioría dos emigrantes de Vedra saíron cara América polo sur de Galicia, primeiro por Carril e logo por Vigo. A preferencia por estes portos debeuse, entre outras razóns, a que Vigo e Vilagarcía-Carril especializáranse, dentro de Galicia e de España, nos destinos riopratenses, mentres que os do norte de Galicia e a cornixa cantábrica se orientaran en maior medida a enlazar a Península con Cuba e Porto Rico. Ademais, a apertura da liña de ferrocarril Santiago-Carril no ano 1873, converténdose no primeiro tecido ferroviario galego, que



Emigrantes galegos no transatlántico *Alcántara* a mediados da década de 1920



Anuncio na revista *Hércules* do principal axente da compañía *Lloyd NorthDeuchtsland Bremen* en Galicia



Transatlántico no porto de Vigo a mediados do século XX



Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) a primeiros do século XX



Antigo autobús de CASTROMIL

antes de fins do século XIX xa se ampliara ata Pontevedra e Vigo, facilitáballes o desprazamento aos emigrantes de Vedra ata os portos do sur de Galicia.

A viaxe cara América iniciábase dese xeito, dende Vedra ás estacións de ferrocarril máis próximas, a de Osebe en Calo-Teo ou a de Cornes en Santiago de Compostela. Estas estacións distaban entre oito e dezaioito quilómetros das distintas aldeas do concello. Aínda que foi esta a ruta máis seguida, tampouco non eran infrecuentes as saídas dende A Coruña, sobre todo por aqueles que se dirixían cara Cuba. Neste caso, a viaxe ata o porto facíase por estrada, con frecuencia nos autobuses da empresa CASTROMIL.

3. AS CAUSAS DA EMIGRACIÓN NO CONCELLO DE VEDRA

Situándonos primeiro no contexto máis amplo das migracións masivas europeas, debemos salientar que para que unha emigración a tan gran escala sexa posible teñen que darse unha serie de circunstancias no mesmo período de tempo que permitan ese transvase colectivo, neste caso, dun continente a outro. En definitiva, ten que acontecer, en primeiro lugar, que nun territorio determinado existan unhas condicións de vida que fagan que a súa poboación non sinta asegurado o seu sustento nin colmadas as súas aspiracións vitais. A este grupo de circunstancias ou causas chamaremoslles: factores de expulsión.

Por outra banda, ten que existir outro territorio no que as circunstancias políticas, socioeconómicas e demográficas fagan desexable e necesaria a chegada de persoas para satisfacer as demandas de man de obra do seu mercado laboral. Este grupo de causas son: factores de atracción.

Para rematar, débense poñer en contacto ámbalas dúas zonas, a de expulsión e a de recepción. Para iso necesítanse, basicamente, uns medios de transporte que permitan o traslado das persoas a gran distancia, e unhas redes de información capaces de mobilizar aos potenciais emigrantes cara as rexións ou países onde se demanda a súa presenza, e onde as condicións de vida e traballo lles sexan máis favorables ou atractivas. A estas dúas condicións para que se dea unha migración a gran escala algúns autores denomínanas: factores facilitadores.



Mulleres de Vedra entrando na Catedral de Santiago pola Praza do Obradoiro. Ano 1920

3.1. Factores de expulsión presentes no caso de Vedra

A maioría dos emigrados de Vedra nunca iniciaría unha viaxe dilatada e arriscada, na que ía perder contacto cos seus por longos períodos de tempo ou para sempre, se non se deran unhas circunstancias de tipo económico, social e político que os empuxaran a iso sen case outra alternativa. Estes factores de expulsión foron: a crise da agricultura, a implantación do servizo militar obrigatorio, a excesiva carga tributaria, o sistema de herdanza e, como paradoxo, a propia emigración.

No século XIX, producíronse dous feitos que marcarán negativamente o futuro económico de Vedra en particular, e de Galicia e a Península en xeral. En primeiro lugar a industria do liño deixa de ser competitiva e perde mercados fronte ás importacións de lenzos. Como consecuencia do desmantelamento desa actividade, complementaria pero relevante na economía da comarca, empezan a ser evidentes os excedentes de man de obra e a imposibilidade de garantir o sustento dunha poboación que medrara considerablemente no último século. A falta doutras alternativas no propio territorio comarcal, moitos varóns empezaron a emigrar á cidade de Cádiz onde o movemento comercial coas Indias reclamaba man de obra non cualificada (mozos de corda para estibar, augadores, criados...), postos de traballo que serán a miúdo ocupados polos ulláns alí emigrados.

Por outra banda, os viños da Ulla, que ata mediados do século XIX se defenderan relativamente ben da competencia dos viños do ribeiro e dos procedentes de Cataluña, deixan tamén de ser atractivos. Ademais, as enfermidades do viñado provocadas polo fungo do *oidium* e despois a filoxera, para as que non había un tratamento, significaron o golpe definitivo co que se afundiou un dos piares da economía labrega en Vedra.

Parece claro, pois, que a crise do liño e dos viños deixan moi desprotexidas as economías domésticas na comarca da Ulla, e están na orixe da emigración masiva, primeiro cara Cádiz e despois cara América, de moitos homes en idade de traballar e formar familia. As consecuencias do que co tempo se converteu nunha crise demográfica chegan ata os nosos días.

A implantación do servizo militar obrigatorio tamén tivo unha relación moi directa coa extensión do fenómeno migratorio na Galicia da época. Non só provocou que miles de mozos se ausentasen para evitalo, ademais diso, temos constancia de varios casos de mozos do concello que despois de ser recrutados e destinados a Cuba, a mediados e finais do século XIX, ou ben permaneceron alí tras quedar libres do servizo ou ben retornaron pero acaban por volver, ao pouco tempo, á illa caribeña. Exemplo disto foi a historia de José Betetos Cabanas que despois de combater na Guerra de Cuba quedouse alí unha tempada para despois retornar a Vedra. No municipio foi un dos fundadores e secretario ata 1921 da *Sociedad Agrícola de Vedra* para máis tarde emigrar de novo, esta vez a Bos Aires.

MATERIAL DE CONSULTA E LECTURA

Outro factor que favoreceu a emigración en Vedra foi, dende mediados do século XIX, a excesiva carga tributaria soportada polas economías labregas. Este feito viña a sumarse ao conxunto de factores responsables da expulsión da poboación local. No ano 1884 os concelleiros de Vedra protestan contra a pésima situación económica do momento e impútanlle a responsabilidade total do fenómeno migratorio á excesiva presión fiscal. Na acta do pleno levantada o 18 de xullo de 1884 podemos ler: ... *la muy triste y crítica situación numeraria en que se encuentra este distrito por la escasez de cosechas y los tributos altamente excesivos con que contribuyen, pudiendo afirmarse con toda seguridad que entre contribución territorial, subsidio, impuesto de sal, consumos y cédulas personales, pagan más del 75% del producto útil de sus bienes e industrias, por cuyo motivo se ha iniciado hace tres años una emigración espantosa para la República Argentina y otros pueblos de América, abrigándose en su consecuencia, con muy fundados motivos, el temor de que dentro de muy pocos años si la emigración continúa, quedarán los campos incultos por falta de brazos.*



José Betetos Cabanas, soldado en Cuba na última década do século XIX

O sistema de herdanza predominante na zona da Ulla, coñecido como *a mellora*, no que un dos fillos herda a maior parte dos bens mobles e inmobles contribuíu notablemente

á expulsión dos outros fillos. *A mellora* freaba a fragmentación da propiedade familiar pero deixaba sen recursos para constituír unha nova familia ao resto dos fillos. Se a isto lle engadimos a non existencia de alternativas labo-



Juan Gaiteiro Sinde (centro de pé) con familiares e empregados da súa pirotécnica, unha das poucas industrias locais, na década de 1920

rais pola escasa ou nula industrialización, a consecuencia é que unha alta porcentaxe da poboación non se pode fixar ao territorio.

Xa dende finais do XIX a emigración estíbese a converter nun negocio rendible para amplos sectores da poboación galega implicados no tráfico marítimo dos emigrados (bancos, prestamistas, hostaleiros, autoridades municipais e provinciais...) e iso, non cabe dúbida de que tamén facilitou este éxodo sen precedentes. Como é sabido, as grandes compañías navieiras tiñan axentes, "ganchos", distribuídos por todos os concellos. Vedra contou con polo menos dous axentes das principais compañías transatlánticas que estaban encargados da venda das pasaxes e da xestión dos permisos necesarios para emigrar perante das autoridades, e a cambio percibían unha porcentaxe dos prezos das pasaxes.



Boleto de embarque de terceira clase



Ferrando unha besta e cortando tabaco nas terras de Vedra despois da Guerra Civil

3.2. Factores de atracción

As mellores condicións de vida, as oportunidades laborais e de negocios existentes nas repúblicas americanas e na aínda colonia española de Cuba, xunto á boa disposición política deses gobernos americanos para levar colonos europeos cara aos seus países, unha vez pechado o período escravista son, en conxunto, o que chamamos factores de atracción.

Corrales para o gando nunha estancia da Pampa argentina a finais do século XIX



Segundo as épocas ou os países eses factores de atracción foron variando, tendo nalgúns momentos máis importancia os factores políticos, aínda que sempre por detrás dos de tipo económico. Exemplo do que acabamos de dicir foi a promoción, tanto do goberno colonial español como dos gobernos cubanos de primeiros do século XX, da chegada de colonos europeos coa intención de *branquear* a poboación por motivos racistas e polo temor ao peso da poboación negra, procedente da trata escravista, no conxunto da sociedade cubana. Este feito motivou que se contrataran de boa gana e se fomentara a chegada á illa de xornaleiros canarios e galegos.

Sen embargo, na maioría dos casos, era a puxanza das industrias e do comercio de países como Arxentina, Uruguai e tamén Cuba, convertidas nas grandes potencias mundiais da produción de cereais, carne e azucre, as que tiraban da demanda de man de obra estranxeira.

3.3. Factores facilitadores

Como mencionamos anteriormente, é a partir da segunda metade do século XIX, coa mellora nos buques de vela e, sobre todo, coa construción de grandes transatlánticos a vapor, cando se asiste a unha verdadeira revolución no transporte de pasaxeiros por mar. Á do transporte marítimo debemos engadirlle a gran revolución no transporte terrestre producido a partir da invención da máquina de vapor e da construción de *camiños de ferro* no século XIX, tanto no continente europeo coma no americano. O ferrocarril e os grandes



Vista xeral dunha central azucreira e os seus campos de cana de azucre na Cuba de primeiros do século XX



En máquinas de vapor coma esta, destinada ao transporte de cana da azucre dende os campos ata a central azucreira traballaron algúns dos emigrantes de Vedra na Illa de Cuba a finais do século XIX

MATERIAL DE CONSULTA E LECTURA

Convoi ferroviario abandonando a estación a primeiros do século XX



transatlánticos permitirían desprazamentos de persoas e mercadorías, en cantidades e a unhas distancias, inimaxinables ate ese momento.

As denominadas redes de información foron outro dos elementos claves para facilitar o fenómeno migratorio masivo. Non é en absoluto casual que no val medio do Ulla se sentira antes que noutras comarcas de Galicia esa chamada a emigrar cara o continente americano. Segundo diversos estudos, as noticias de que se demandaba man de obra sen cualificar nas novas e emerxentes repúblicas americanas, e da posibilidade de prosperidade material para calquera persoa que ofrecera, simplemente, a súa forza de traballo, difundíronse dende as localidades costeiras e portuarias cara o interior, pasando en primeiro lugar polos vales dos ríos próximos a esas localidades costeiras, tal sería o caso do Val do Ulla.



Débese facer mención, asemade, ao papel crucial que tiveron os pioneiros na difusión das noticias e na apertura de vías de emigración. Os primeiros emigrados, ben a través da correspondencia que lle envían ás súas familias, ou ben

Estampa de Cádiz a primeiros do século XIX

cando retornan, difunden a información que posúen canto aos niveis de renda e ás oportunidades que existen alén mar. No caso de Vedra, é moi probable que unha das vías de información se establecera a través dos que xa dende os séculos XVII e XVIII estaban emigrando a Cádiz por períodos breves de tempo. Como vimos, Cádiz era porto franco e privilexiado no comercio coas Indias, e polo tanto, a



Litografía cunha vista de Cádiz e o seu porto a finais do século XVIII

cidade peninsular ideal para coñecer de primeira man a situación dos territorios antillanos ou riopratenses. Dende Cádiz ou a través de persoas que serviran á Coroa española nas ex-colonias difundiríanse no Val do Ulla as oportunidades laborais e de prosperidade que ofrecían os territorios ultramarinos.

4. A CHEGADA A AMÉRICA E A FUNDACIÓN DAS SOCIEDADES DE EMIGRANTES

4.1. A Chegada a América

Chegado ao país de destino o emigrante atópase perante un mundo moi diferente ao seu.

Unha vez diante do oficial de inmigración, a unha minoría dos emigrantes galegos, por non teren cumprido as condicións e trámites requiridos, agárdanos os barracóns dos



Vistas dunha aldea de Vedra



Avenida de Maio Bos Aires a primeiros do século XX



Familia de Vedra no porto de Bos Aires (c.a. 1950)

hoteles de inmigrantes, cuns servizos reducidos a uns simples catres e á súa man-tenza, nos que permanecerán durante varios días mentres se regulariza a súa documentación ou atopan un traballo.

Ao resto dos emigran-tes ao baixar do buque agárdannos familiares, ami-gos ou veciños informados da súa chegada. O primeiro

contacto coa realidade urbana (porque será o destino urbano o que a maioría dos galegos, e en particular os vedreses, escollan como novo lugar de residencia), será unha fugaz viaxe en tranvía, dende o porto ata o seu aloxamento no centro da cidade. O percorrido levaraos por barrios obreiros, ou mesmo suburbiais, máis tamén polas amplas avenidas do centro de Bos Aires ou da Habana, nas que pode ollar grandes edificios e luxosos carros.

De non ser convidado a vivir con amigos e familiares, que era o máis frecuente, sobre todo nos primeiros meses, o novo inmigrante buscará unha vivenda de aluguer, en moitos casos compartida con outros inmigrantes, ou unha pensión, da que ben pode ser propietario outro galego. En calquera caso, procuran estar preto do lugar de traballo, pero sobre todo, da compañía de coñecidos. Xa que, lonxe da súa familia precisaban manter un contacto coa xente máis próxima culturalmente, con conterráneos que coñecían mellor ca eles o medio onde se ían desenvolver as súas vidas. Desta necesidade de compartir naceron as sociedades étnicas microterritoriais. No caso de Vedra son, como veremos agora, sociedades fundamentalmente de ámbito parroquial e de variada tipoloxía segundo as finalidades de cada unha: económica, política, social, cultural, educativa ou mesmo relixiosa.

4.2. A fundación das sociedades de emigrantes

A presenza dunha importante colectividade emigrante en América vai provocar que nas décadas de 1870 e 1880 xurdan diferentes asociacións galegas, coa creación case simultánea dos primeiros centros galegos en Bos Aires (1879), A Habana (1879) e Montevideo (1880), co precedente da pioneira *Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia da Habana* (1871). Nos anos posteriores aparecen novas sociedades co nacemento de diferentes entidades de carácter moi heteroxéneo: mutualistas, recreativas, culturais



Centro Gallego da Habana, 1920



Primeiro selo do segundo Centro Gallego de Buenos Aires (1907)

ou políticas, como é o caso do segundo Centro Gallego de Bos Aires (1907) ou a *Casa de Galicia de Montevideo* (1917).

Os tres países nos que o asociacionismo galego foi máis importante foron Arxentina, Cuba e Uruguai. No caso de Vedra só nos consta que existiran asociacións de naturais deste concello na Arxentina. En países coma Cuba e Uruguai tamén chegou a haber unha colonia importante de veciños de Vedra residindo simultaneamente, pero o seu número foi inferior, e os motivos de non constituírse en sociedade cremos que os explica axeitadamente José María Valdés, dono dun almacén e de terras en Batabanó, A Habana, nunha carta que en Marzo de 1912 lle envía á sociedade de Residentes de Vedra na Arxentina e onde podemos ler: *...más la circunstancia de ser muy pocos los conterráneos que se hallan en Cuba y el estar estos diseminados en varios puntos de la Isla, alejados unos de otros a considerable distancia, dificulta, si no imposibilita, formar un núcleo como lo han logrado ustedes en esa Capital....*



Fachada principal do Centro Gallego de Bos Aires esquina Belgrano e Pasco



No centro, con chapeu e gafas, Manuel Rey Reimúndez rodeado de veciños de Vedra na entrada ao campo da festa

Aínda que os residentes de Vedra en Cuba non se constituíron en sociedade, temos exemplos de mecenado individual e colectivo destes emigrantes con fins sociais no noso concello. Un bo número de veciños residentes na illa antillana aportou cartos para a construción da casa da *Sociedade Agrícola de Vedra*. De igual xeito, nos anos corenta e cincuenta do século XX, Manuel Rey Reimúndez, empresario vedrés de éxito en Cuba, tenlle doado

á comisión de mozos de Vedra dúas mil pesetas anuais para axudarlles a facer a festa da Virxe das Dores.

De calquera xeito, a pesares da falta de sociedades propias do concello, os emigrados de Vedra en Cuba participaron nas grandes institucións galegas existentes na illa, como podían ser o *Centro Gallego de La Habana* ou a *Sociedad de Naturales de Ortigueira en La Habana*.



Comisión directiva da *Sociedad Mutua y Auxiliar de Agricultores del Municipio de Vedra en Buenos Aires* na década de 1920

4.3. As sociedades de Vedra en Bos Aires

No caso de Vedra foi na cidade de Bos Aires onde, a primeiros do século XX, se produce unha verdadeira eclosión do asociacionismo étnico. A semellanza do que estaba a acontecer na capital porteña cos naturais doutras comarcas e concellos que xa en anos anteriores formaran as súas propias sociedades (caso dos de Teo), os de Vedra comezan a darlle forma ás súas primeiras sociedades.

No ano 1910 fúndanse en Bos Aires dúas sociedades de naturais deste concello que terán continuidade ata o día de hoxe, son a *Sociedad Agrícola, Cultural y Recreativa del Municipio de Vedra* e a *Sociedad Progreso y Cultura Parroquial de Vedra*. Dende esa data en diante constituiríanse moitas outras sociedades parroquiais ou de ámbito municipal pero cunha duración efémera froito nalgunhas ocasións de escisións das xa existentes. Estas sociedades foron a *Unión y Progreso de San Julián de Sales, Nueva Era de Vilanova y sus contornos, El Progreso de San Andrés de Illobre, a Comisión Pro-Escuelas de Puente Ulla* ou a *Mutua y Auxiliar de la Sociedad Agrícola de Vedra*.

Entre as súas finalidades, destacan as actividades mutualistas e recreativas para os seus asociados, xunto á idea de protección e fomento dos seus lugares de orixe, e para iso dedícanse á construción e o sostemento de escolas e edificios sociais, á organización de bibliotecas, á realización de obras públicas (pontes, camiños, lavadoiros, cemiterios..), e un longo etcétera, intentando pois conseguir mellorar as condicións de vida da súa terra natal, a petición, case sempre, das sociedades agrícolas dos seus veciños en Galicia.

As sociedades de emigrantes de Vedra na Arxentina foron fundadas durante o primeiro terzo do século XX, e como xa se comentou, só dúas das dez formadas nese tempo chegaron ata os nosos días, pasados cen anos da súa fundación e varias décadas despois de terse detido o fluxo migratorio dos veciños deste concello cara Arxentina.

Así, a *Sociedad Agrícola, Cultural y Recreativa de Residentes del Municipio de Vedra en Buenos Aires* foi fundada o 2 de outubro de 1910 por un grupo de veciños do concello residentes en Bos Aires, que decidiron formar unha entidade ... *que agrupara en su seno a los convecinos de las doce parroquias de Vedra, con el fin de apoyar moral y materialmente los esfuerzos de sus convecinos que luchaban por emanciparse del prepotente caciquismo imperante...*, segundo palabras textuais recollidas na primeira reunión que tiveron na casa dun dos seus máis entusiastas promotores, Manuel Fernández Castelao. Primaban a axuda ao *Sindicato Agrícola de Vedra*, que foi durante unha época a súa sociedade matriz. No eido cultural e instrutivo destaca a preocupación por mellorar a calidade do ensino no concello de Vedra, mediante a construción de escolas e axudas a escolares. Xunto a isto, destinaron importantes remesas de cartos para a mellora das comunicacións no municipio, camiños e pontes. Tamén destacaron na labor mutualista: a asistencia médica



Primeiro selo da *Sociedad Agrícola Residentes de Vedra* (1910)



Placa de bronce en homenaxe ao mestre Manuel Gómez (1925)

para os seus asociados, o pago de enterros, billetes de chamada e de retorno, axudas a familias necesitadas, tanto en Arxentina como en Vedra, etcétera.

Por acordo adoptado en asemblea de socios celebrada o 13 de outubro de 1911 inician a recadación de fondos para a construción dunha casa social en Vedra. Ao longo dos anos enviaron diversas cantidades para a compra do solar e a construción do edificio. A cantidade total reunida e remitida foi de 8.248 pesetas. O edificio foi inaugurado en xaneiro de 1917, e destinouse a sede do *Sindicato Agrario de Vedra*. Nesta obra tamén colaborou enviando cartos a colectividade emigrante de Vedra en Cuba.

Outra achega, aínda que de carácter máis simbólico, foi o financiamento dunha placa de bronce dedicada á memoria do Mestre Manuel Gómez Lorenzo (actualmente colocada na parede do edificio da Biblioteca Municipal), e na que está gravado o seguinte texto: *A Don Manuel Gómez Lorenzo (1845-1923). Los hijos de Vedra en Buenos Aires a su Educador. 1925.*

No ano 1914 naceu o *Comité Auxiliar de la Sociedad de Agricultores de Vedra en Bue-*



Comisión directiva da *Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra en Buenos Aires* nos anos trinta



Comisión Directiva do *Sindicato Agrícola de Vedra* arredor de 1920



Baixo as bandeiras da Arxentina e de Galicia están (de esq. a der.) González Mogo, Emilio Canicoba e Luciano Silva (sentado), históricos dirixentes das sociedades parroquial e municipal de Vedra en Bos Aires. Década de 1960



Selo do Comité Auxiliar (1914-1917)

nos Aires. Esta sociedade foi creada por uns corenta socios da anterior desconformes coa comisión directiva e a orientación que esta lle estaba dando á *Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra*. Hai moi poucos datos da súa actividade. O 20 de abril de 1917 integráronse de novo na anterior sociedade.

A *Sociedad Mútua y Auxiliar de agricultores del Municipio de Vedra* foi fundada o 17 de marzo de 1920. Naceu como escisión dun grupo de membros da sociedade *Residentes del Municipio de Vedra*, que non estaban de acordo coa decisión da comisión directiva e dalgúns dos socios da mesma de romper as relacións co *Sindicato Agrario de Vedra*, cando este se inscribiu na Federación Católica. Foron corenta e nove os seus socios fundadores, e na directiva, tiñan ademais, un vocal por cada unha das parroquias do concello. Durante doce anos mantiveron unha intensa vida societaria e unha destacada actividade mutualista ata que no ano 1932 se volveron a integrar na sociedade de *Residentes del Municipio de Vedra*.

Boa parte das súas remesas destináronse ao *Sindicato de Agricultores de Vedra* e foron, basicamente, para financiar o peche da finca onde este tiña a súa sede (este peche foi parcialmente destruído cando se ensanchou a estrada provincial Vedra-Lestedo). Outro capítulo para o que aportaron cartos foi o financiamento da actividade ordinaria do sindicato: compra de sementes, mutua de seguros do gando, adquisición de maquinaria, etcétera. Os cartos para as obras veciñais e educativas remitíronos sempre a través do *Sindicato de Agricultores de Vedra* e as solicitudes de axuda para calquera que fora a causa só eran atendidas se estaban apoiadas polo propio sindicato.

A *Comisión Pro-Escuelas de Puente Ulla* constituíuse en Bos Aires o 10 de Abril de 1926, por iniciativa de varios veciños de Ponte Ulla emigrados nesa cidade, que eran socios da sociedade *Residentes del Municipio de Vedra*. O seu único traballo foi realizar unha subscrición co fin de reunir os fondos necesarios para por en funcionamento a citada escola. Para esa fin realizaron un festival e fixeron unha colecta entre a colectividade emigrante, recadaron 1.320 pesetas. En setembro de 1926 dan por rematado o seu labor, e a escola foi inaugurada o 6 de novembro de 1927.

Como precedentes da creación da sociedade *Unión y progreso de San Julián de Sales* aparece en *El Eco de Galicia* en Bos Aires, no número de decembro de 1901, a noticia da iniciativa dun grupo de naturais desa parroquia, encabezados polo industrial e filántropo Antonio Cao, da doazón dun reloxo á igrexa parroquial de San Xián de Sales.

Edificio das escolas de
 Ponte Ulla



Tamén no 1912 un grupo de veciños, moitos deles membros da *Sociedade Residentes del Municipio de Vedra*, organizan unha subscripción para recadar fondos coa finalidade de reparar a ponte de Couso, conseguindo 166 pesos arxentinos que foron remitidos á súa parroquia natal. Tras esa frutífera experiencia deciden fundar o 6 de abril de 1913 unha sociedade integrada polos naturais de San Xián de Sales e loitar pola mellora da súa parroquia dende alén dos mares.

Os seus fins eran instrutivos e agrarios. Cos fondos que recadaron compraron unha parcela para que fora o centro de recreo do pobo e onde se organizasen as festas patronais no lugar denominado Retorno de Quintáns o actual campo da festa. No ano 1917 remitíronlle á *Sociedad Agrícola Unión y Progreso de San Julián de Sales*, a súa matriz, a cantidade de tres mil cincocentas pesetas para a compra e acondicionamento dunha casa no mesmo lugar de Quintáns. Unha vez rematadas as obras de restauración no ano 1924, dita casa



albergaría a secretaría da sociedade, unha pequena biblioteca e a escola da parroquia.

O presidente da *Sociedad Unión y Progreso* nesas datas, Manuel Cao Turnes, converteríase en pouco tempo nun dos dirixentes e xornalistas máis destacados da colectividade ga-

Local social de *Unión y Progreso* de San Xián de Sales na actualidade



Manuel Cao Turnes (1894-1952)

lega na Arxentina vinculado sempre á *Federación de Sociedades Gallegas* e ao *Centro Gallego de Bos Aires*.

Durante esta época financiaron tamén a realización de obras necesarias para a parroquia, como a construción da ponte de Calzande, e a construción dun novo cemiterio público, moi necesario por cuestións de hixiene, pois o que existía estaba no centro da parroquia, rodeado de casas e de fontes públicas, polo que se aconsellaba retiralo a un lugar máis distante. Organizaron tamén unha caixa rural de empréstitos co obxectivo de sacar aos labradores das mans dos usureiros.

Arredor do 1918 fundaron, xunto coas sociedades *Cultura y Progreso Parroquial de Vedra* e *Progreso de San Andrés de Illobre* a *Federación del distrito Municipal de Vedra en Buenos Aires*, da que temos constancia que en 1924 aínda funcionaba. O 1 de decembro de 1922, un grupo de socios deciden fundar outra sociedade, chamaríase *Juventud de Naturales de San Julián de Sales* e descoñecemos os seus fins e actividades.

Os emigrantes naturais da parroquia de San Pedro de Vilanova, crearon o 2 de outubro de 1922 na capital arxentina a sociedade *Nueva Era de Vilanova y sus Contornos*. Trátase dunha asociación cultural e con fins instrutivos.

Construíron a escola *República Argentina* en Picón, San Pedro de Vilanova, que foi inaugurada o 1 de setembro de 1926, comprometéndose estatutariamente ao seu mantemento, a mercar libros e demais útiles escolares e a pagarlle o soldo ao mestre.

Para conseguir os fondos precisos, a sociedade emigrante organizaba festivais e bailes familiares. Esa escola, como todas as creadas por emigrantes, foi pechada durante a ditadura militar de Primo de Rivera, polo seu carácter laico e progresista. A sociedade deixou de funcionar a principios de 1930.



Selo de *Unión y Progreso* (1913-c.a.1930)



Selo de *Nueva Era de Vilanova y sus Contornos*



Edificio da escola República Argentina no lugar de Picón, San Pedro de Vilanova

Ramón Suárez Picallo, un dos políticos galegos máis sobranceiros do século XX, foi socio de *Nueva Era de Vilanova* a mediados dos anos vinte, e cos demais compoñentes da xunta directiva impulsou iniciativas a prol do ensino en galego nunca antes defendidas pola colectividade galega na Arxentina.

El *Progreso de San Andrés de Illobre* foi constituída o 14 de decembro de 1917 en Bos Aires. E arredor de 1918 fundaron, xunto coas sociedades *Cultura y progreso parroquial de Vedra* e *Unión y Progreso de San Julián de Sales*, a *Federación del Distrito Municipal de Vedra en Buenos Aires*. Sabemos por fontes orais, que nos anos trinta remitiron cartos para a construción da casa escola de Santo André de Illobre.

O 27 de febreiro de 1910 constituíuse en Bos Aires unha comisión de emigrantes coa única fin de ... *arbitrar fondos por suscripción pública a fin de construir un cementerio en Vedra...* Con ese precedente o 25 de setembro de 1910 fundan a denominada *Sociedad Agrícola, Ganadera y de Instrucción de Santa Eulalia de Vedra*, formada por veciños da parroquia de Vedra emigrantes en Bos Aires. Os seus obxectivos son máis amplos ca construción dun cemiterio, co que tamén seguen colaborando. Como era habitual tiñan o mesmo nome que a sociedade matriz creada na parroquia de Vedra inscrita, por certo, no rexistro de asociacións do Goberno Civil da Coruña o 16 de decembro de 1911.



Ramón Suárez Picallo (Sada 1894-Bos Aires 1964)



Primeiro selo de *Progreso y Cultura* (1910)

A sociedade realizou varios investimentos moi similares aos que facían outras sociedades de natureza semellante: premios para os nenos das escolas da parroquia de Vedra, axudas a enfermos, repatriacións, enterros, etcétera.

A obra máis importante que acometeron nesta primeira etapa foi, con todo, a construción do cemiterio católico e civil na parroquia, no que se investiron dez mil pesetas e moitos esforzos dende ambas beiras do Atlántico para dar superado atrancos administrativos e ata culturais, debéronse trasladar moitos restos humanos do vello ao novo empra-zamento.

A sociedade tiña en preparación o proxecto de construción dun edificio social e a creación dunha granxa de experimentación agrícola. O primeiro dos proxectos foi rematado pola sociedade *Cultura y Progreso Parroquial*; o segundo fíxose nunha parcela propiedade de Casimiro Torre, á sazón vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña.

Tamén conseguiron a posta en marcha dunha feira na parroquia de Vedra, que empezou a celebrarse no ano 1915 no souto da Pousada, o día 2 de cada mes. Esta feira comezou sendo unha concentración de gando inscrito na sociedade para a súa revista anual de inspección veterinaria.

En xaneiro de 1917, por acordo da asemblea de socios cambiaron o nome da sociedade polo de *Cultura y Progreso Parroquial de Santa Eulalia de Vedra*, pero seguen mantenen-



Entrada ao cemiterio parroquial de Vedra feita segundo plano enviado dende Bos Aires

do a data de constitución da mesma: o 25 de setembro de 1910. Funcionaba, ao igual que a súa antecesora, como unha sociedade mutualista e recreativa.

No 1927 inaugurouse o edificio destinado para sede da sociedade matriz na parroquia de Vedra que fora construído cos fondos enviados polos emigrantes. Despois da Guerra Civil foille incautado aos veciños e pasou a ser local social da *Hermandad de Agricultores y Ganaderos*, o sindicato vertical franquista, por iso se coñece como Casa da Irmandade. Na actualidade foi recuperada para aloxar á asociación de veciños de Santa Baia de Vedra, herdeira de *Cultura y progreso Parroquial de Vedra* e a outras asociacións cívicas de base.

Rematada a casa social pretendeuse usala como escola, un uso que tería durante pouco tempo por canto, nesa mesma época, o concello de Vedra rematou as obras de construción das escolas municipais, no edificio que ocupa a actual Biblioteca, polo que a súa actividade fundamental foi a de sede da sociedade matriz. Nese senso é de destacar que os emigrantes seguiron a financiar á cooperativa parroquial, co fin de que se mercara ferramenta e maquinaria agrícola para os socios da parroquia, do mesmo xeito que continuaron co apoio á sección de seguros de gando.

Rematada a casa social pretendeuse usala como escola, un uso que tería durante pouco tempo por canto, nesa mesma época, o concello de Vedra rematou as obras de construción das escolas municipais, no edificio que ocupa a actual Biblioteca, polo que a súa actividade fundamental foi a de sede da sociedade matriz. Nese senso é de destacar que os emigrantes seguiron a financiar á cooperativa parroquial, co fin de que se mercara ferramenta e maquinaria agrícola para os socios da parroquia, do mesmo xeito que continuaron co apoio á sección de seguros de gando.

A súa actividade foi esmorecendo e, coincidindo co inicio da Guerra Civil, entrou nunha fase de inactividade que se mantivo ata 1948, ano no que un grupo de mozos de Vedra chegados a Bos Aires neses anos e aglutinados arredor de vellos socios, inician a recuperación da actividade da sociedade emigrante. Daría comezo nesa data unha segunda etapa que fixo perdurar ata os nosos días unha sociedade especialmente dinámica e moi coñecida dentro da colectividade española en Bos Aires.



Ano 1931, primeiras cuchas suizas nos terreos da *Granxa de Experimentación Agrícola*



De esq. a der. Joaquín Cerdeira Canabal, Jesús Iglesias Estévez, Manuel González Mogo e Antonio Carballo Vázquez. Inesquecibles directivos da *Sociedad Progreso y Cultura Parroquial de Vedra en Buenos Aires* dende a súa refundación

5. OS EMIGRANTES NO PAÍS DE ACOLLIDA. VEDRA NA ARXENTINA

5.1. Os traballos

Os vedreses que decidiron emigrar a América eran na súa maioría pequenos propietarios e xornaleiros, máis do 90% entre os anos 1900 e 1936. O resto eran membros de familias campesiñas acomodadas ou propietarias que recorren á emigración para agrandar o seu patrimonio. Sen embargo, nas terras americanas, mudan de oficios, a maioría prefire instalarse en grandes capitais como Bos Aires, escollen destinos urbanos fronte aos rurais, porque alí obterán maiores ingresos e máis facilidades para unha ascensión social. Maiores ingresos que preocupan sobre todo aos emigrantes máis humildes de Vedra, e unha ascensión social da que están máis pendentes aqueles integrantes de familias acomodadas.

Algúns dos oficios aos que se dedicaron en América os emigrados podemos coñecelos por medio da publicidade editada nas revistas porteñas de carácter étnico. Así, en *El Eco de Teo* ou na revista *Hércules* pódense atopar innumerables anuncios publicitarios onde os vedreses participaban ben como propietarios, ou ben como copropietarios en diversos negocios, entre os que destacan os almacéns e as



Unha das comisións directivas da *Sociedad Parroquial de Vedra* en Bos Aires nos anos oitenta



Jesús Parada Fernández. Mucamo vedrense de Merín da familia Ocampo, nos xardíns de *Villa Ocampo*. San Isidro, Provincia de Bos Aires, 1922



Anuncio na revista *Hércules* do típico almacén rexentado por emigrados galegos en Bos Aires. Como di o anuncio tiñan de todo "e aínda máis"



Emigrante de Vedra tras o mostrador da súa confeitaría. Anos cincuenta do século pasado

chacinerías, bares, confeitaría e panaderías, pensións, xastrerías ou empresas de mudanzas. Evidentemente, os donos destas eran aqueles integrantes das familias acomodadas, ou aqueles emigrantes que acadaran un relativo éxito económico no país de acollida empezando dende os estratos laborais máis baixos. A gran maioría dos emigrantes traballaron, nos últimos anos do século XIX e comezos do XX, en tarefas agrícolas e como persoal de servizo para, segundo transcorrían os anos do pasado século, ir abandonando as tarefas no campo, á par que os destinos rurais, e ocupándose nas grandes cidades en profesións como o artesanado, persoal de servizo (serventes/as, cociñeiros/as, camareiros/as, neneiras,...); tamén de xastres, modistas, zapateiros, profesionais da construción, de obras públicas, etcétera. Estes eran os que realmente emigraran para *gañarse a vida*.



Membros da familia González en Bos Aires. José González, no centro, traballaba de porteiro ao igual que moitos galegos emigrados en Bos Aires

Mulleres, algunha delas de Vedra, traballando nunha fábrica de galletas. Bos Aires, 1950



5.2. As festas e a vida social

Os emigrados de Vedra, procedentes do mundo rural, con costumes festeiras ancestrais e definitorias da nosa cultura, ían tentar reproducir nos seus novos destinos os mesmos ámbitos lúdicos de sociabilidade. Para iso contaron dende o primeiro momento da fundación das sociedades microterritoriais con comisións de festas para organizar o que alí chamarían, a primeiros do século XX, veladas lírico-danzantes.

A xénese dunha desas festas era sempre a mesma: nomeábase unha comisión coa súa directiva e vocais, a semellanza das que se formaban nas parroquias do concello, para os festexos dun ano. Unha vez que as persoas nomeadas aceptaban as funcións que se lle encomendaban, comezaban a traballar na organización da festa en cuestión.

Ata os anos oitenta do pasado século ningunha das sociedades de Vedra dispuxo dun local propio con capacidade e instalacións necesarias para realizar unha festa, polo tanto, a primeira tarefa que tiña que facer unha comisión era alugar un dos salóns que para eses



fins existían en Bos Aires. O seguinte paso era facer un programa e contratar as actuacións que se precisaban para encher unha festa orientada ás familias de Vedra e tamén a amigos e amigas da colectividade galega residente en Bos Aires.

Público asistente a unha das festas da *Sociedad de Residentes de Vedra en Buenos Aires* a primeiros do século XX



Actores caracterizados para a representación teatral nunha das festas organizadas pola *Sociedad de Residentes de Vedra en Buenos Aires* (c.a. 1920)

ata o amencer. Estaba especialmente dirixida a aqueles emigrantes solteiros, homes e mulleres, que residían en Bos Aires e que buscaban nesas bailes a ocasión para atopar parella. É ben sabido que os galegos residentes na Arxentina procuraban relacións afectivas cos da súa mesma nacionalidade, na maioría dos casos por afinidade cultural e en previsión dun futuro retorno ao país de orixe, algo máis doado se os membros da parella eran galegos. Nesas emparellamentos, os bailes das distintas sociedades galegas organizados na capital arxentina tiñan un papel fundamental e, o facilitar o contacto dos mozos e mozas solteiros era unha das principais razóns para a súa celebración.

A organización das festas é unha das poucas actividades das sociedades nas que se implican e se lles da cabida ás mulleres de Vedra residentes na Arxentina. Para a celebración das festas adoitaban crear unha comisión de damas que se encargaba da organización de rifas e/ou banquetes. Esas comisións de damas integrábanas as mulleres dos socios, algunhas delas de orixe non galega, e tamén mulleres solteiras que estaban traballando en Bos Aires. Os seus nomeamentos e funcións poden atoparse na rica documentación per-

O programa da festa dividíase, case invariablemente, en tres partes: nun primeiro momento, as orquestras interpretaban pezas non bailables e, moitas veces, algún invitado relevante polo seu activismo político ou societario pronunciaba un discurso. A segunda parte estaba dedicada á representación de pezas teatrais de corte costumista, preferentemente cómicas, de autores españois ou temas galegos. A terceira, e última fase da festa, era para o baile



Anuncio dunha festa na revista *Hércules*. Ano 1928

tencentre á *Sociedade Municipal*. É nesas listas onde vemos figurar mulleres con nomes e apelidos e non só como *esposa de* algo que acontecía moi a miúdo nesa época.

A finalidade lúdica das festas é evidente e non merece maior comentario pero, ademais, as veladas e banquetes cumprían outros tres fins básicos para as propias sociedades: manter o contacto entre os seus socios e procurar novos asociados; estreitar relacións con outras sociedades de emigrantes galegos veciños; e a finalidade máis importante, recadar fondos para fins sociais nos seus lugares de orixe (construción de locais sociais, escolas, cemiterios, pontes, axuda aos pobres, envíos de libros, etc.), ou mutualistas na propia Arxentina.

Ademais destes festivais con programación teatral e musical, os nosos emigrantes residentes na Arxentina facían xuntanzas e realizaban excursións aos parques públicos e ás aforas das cidades con motivo de calquera celebración familiar ou coincidindo coas festas patronais das nosas parroquias nas mesmas datas.

Un exemplo disto último é a celebración da Festa das Dores en Bos Aires, cada ano ata hoxe en día, todos os primeiros de setembro. Trátase dunha festa organizada, dende a súa recreación, pola *Sociedade Parroquial de Vedra en Buenos Aires* coincidindo coa mesma festividade no municipio galego.



Nesa romaría xuntábanse todos os residentes da parroquia, socios ou non (e moitos amigos do resto do concello e dos concellos veciños), para xantar primeiro e despois asistir ao baile final. Para darlle maior realce crearon primeiro o coro da sociedade parroquial (1961) e máis

Acompañamento do ramo na "Festa das Dolores" en Bos Aires. Ano 1961



Mulleres de Vedra asistentes a unha festa da súa sociedade en Bos Aires (c.a. 1920)



Grupo de baile tradicional galego pertencente á *Sociedad Parroquial de Vedra en Buenos Aires*

tarde o grupo de baile que aínda hoxe existe, e que chegou a contar con máis de 80 compoñentes. Na actualidade, o grupo de baile e música da *Sociedad Parroquial de Vedra* segue a ser un motivo de orgullo para todos, e lugar de encontro para os descendentes de vedreses e de cantos se interesan polo folclore e a cultura galega en Bos Aires.

5.3. As súas obras colectivas na Arxentina

5.3.1. Órganos de prensa

O concello de Vedra contou, grazas ao labor das sociedades de emigrantes, con varias publicacións periódicas que nacían directamente das súas xentes para tratar de cuestións que lles eran propias e específicas deles. Así, as únicas revistas que tivo Vedra, nas que o municipio e ás súas xentes eran o centro da información, editáronse durante medio século na cidade de Bos Aires. Só isto debería abondar para darnos conta da importancia e da pegada que a emigración tivo para nós.

Xunto á información xeral, aos artigos de opinión e editoriais, nas páxinas destas revistas colábanse cada mes noticias da vida do noso concello, dos que vivían nel e dos que residían na outra beira do Atlántico. Nelas aparecían cantas informacións eran consideradas de interese para os naturais de Vedra, residiran onde residiran, como por exemplo: nacementos, defuncións, vodas ou viaxeiros. Publicaban, asemade, artigos divulgativos e de formación para os labregos, explicando as técnicas agrícolas e de manexo do gando que se consideraran necesarias para modernizar o traballo das terras.

As publicacións das noticias dos de Vedra tiveron a partir do ano 1911 cabida nas páxinas interiores da revista *Teo*, que aparecía o 15 de cada mes en Bos Aires por conta da *Federación de Residentes de Teo en Sud-América*, dende maio de 1910.

En xullo de 1911 a *Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra en Buenos Aires* solicitoulle á dirección da revista unha páxina permanente para publicar as noticias que consideraran oportunas e a dirección da revista concédella a un prezo mensual de cinco pesos, moeda nacional arxentina. A partir dese momento, esa sociedade de Vedra tivo

unha sección propia na revista. O resto de sociedades do concello como a *Parroquial de Vedra* ou *Unión y Progreso de San Julián de Sales*, tamén aparecían, pero sen dispoñer dunha sección fixa nin permanente.

Nesta revista a dirección levábana socios das sociedades de Teo, pero entre os seus colaboradores habituais contábanse moitos dos socios e directivos das sociedades de Vedra tal era o caso de: Manuel Bouzón, de Vedra, Ramón Vieites e M. Cao Turnes, de San Xián ou Cándido Mogo de San Pedro de Sarandón.

A partir de 1920 a revista *Teo* continuou publicándose co nome de *Unión de Teo y Vedra* e subtítulo de: *Órgano oficial de las sociedades agrarias de Teo y Vedra*. O seu lema dicía: *Por la instrucción, protección y emancipación del pueblo gallego*. Pero, como consecuencia da escisión en dúas da *Federación de Sociedades de Residentes de Teo en Sudamérica*, apareceu o 10 de marzo de 1916 a revista mensual *El Eco de Teo*. A nova publicación pasaría a ser o órgano de prensa do recentemente creado *Centro de residentes de Teo en Sud-América* e o seu lema dicía: *Por Galicia. Por el trabajador de la tierra gallega: Defiende los intereses colectivos del Distrito Municipal de Padrón*.

Manuel Oliveira, o seu impulsor e director, naceira na parroquia de Trobe-Vedra, aínda que unha vez establecido na Arxentina estivo sempre nas comisións directivas de distintas sociedades de Teo e noutras de ámbito galego como a *Sociedade Nazionalista Pondal*. Esta revista foi dende 1916 órgano oficial da *Sociedad Agrícola de Residentes de Vedra en Buenos Aires* e, no ano 1918, o consello de redacción da mesma pasou a estar composto por oito membros, catro polo *Centro de Residentes de Teo* e catro pola sociedade de Vedra antes mencionada.

O 15 de xaneiro de 1921 saíu á rúa o primeiro número da revista *Hércules*, sucesora de *El Eco de Teo*. A



Portada do nº 45 da revista *Teo*. Bos Aires, xaneiro de 1914



Retrato de Manuel Bouzón Álvarez, fundador da *Sociedad Residentes del Municipio de Vedra en Sud-América* e colaborador entusiasta da revista *Teo*



Manuel Oliveira Viqueira (Trobe 1870 - Bos Aires 1949)



Portada da Revista *El Eco de Teo* coa fotografía de Joaquín Pesqueira, xornalista galego e colaborador habitual da publicación

dirección da publicación e os contidos son basicamente os mesmos que na etapa anterior e o cambio de nome obedece a que agora pasa a ser o órgano de prensa da recentemente creada Federación de Sociedades Agrarias e Instrutivas da Provincia da Coruña. Entre as cinco sociedades fundadoras desta federación atopábanse as dúas de Teo e Vedra que editaban *El Eco de Teo*. O lema desta nova etapa pasa a ser: *Por el progreso y cultura general de Galicia*.

De todas as revistas étnicas publicadas na Arxentina polas sociedades de residentes de Teo e Vedra, a máis lonxeva foi a revista *Unión Teo y Vedra*, editada por última vez no ano 1967.


Resulta cando menos curioso ver como un residente en Vedra tiña que esperar a recibir unha revista editada en Bos Aires, que lle era enviada puntualmente todos os meses cun mes de atraso, para ver publicadas noticias e informacións que atinxían á súa propia comarca ou que aconteceran preto da súa casa, pero que se redactaban e publicaban a doce mil quilómetros de distancia.

5.3.2. *Mutualidade e asistencia médica*

Nos estatutos das sociedades de emigrantes os artigos que regulaban a asistencia mutua entre os asociados eran os de máis extenso e pormenorizado desenvolvemento. A necesidade de prever esa asistencia, aos que por motivos de enfermidade ou accidente



Portada da revista *Hércules*. Ano 1926



Portada dun dos números da revista *Unión de Teo y Vedra*

quedaban en situación de indefensión, foi un dos motores que animou á creación de todo tipo de sociedades étnicas galegas en Cuba, Arxentina, Uruguai ou Brasil.

As sociedades fundadas polos emigrantes de Vedra na Arxentina contaron, dende o primeiro momento, con estatutos que regulaban con detalle dende as porcentaxes das cotas de socios que se destinarían á asistencia mutua, ata todo o que atinxía aos requisitos e procedementos para poder ser beneficiario, en caso de necesidade, das coberturas contempladas neles.

Parte das cotas de socios recadadas mensualmente depositábanse nun banco para ser destinadas, fundamentalmente, a tres ámbitos asistenciais: á repatriación de socios por mor de enfermidade grave; á asistencia médica de balde ou a prezos reducidos; e á cobertura de gastos funerarios en caso de falecemento para os que carecían de familia na Arxentina ou, aínda no caso de tela, non posuían recursos para afrontar ditos gastos.

Foi moi frecuente a organización de subscricións populares, por iniciativa de socios ou sociedades de residentes na Arxentina, para axudarlle a saír de situacións graves aos veciños e ás súas familias, residiran estas en Bos Aires ou en Vedra.

A existencia destes servizos de axuda mutua eran imprescindibles por canto nin o Estado arxentino nin o Estado español daban cobertura a esta importante masa de poboación en situación de especial vulnerabilidade.

A asistencia mutua prestada, estivera ou non recollida nos estatutos, significou un alivio e, moitas veces, o único xesto de humanidade que recibiron moitos dos nosos veciños nos momentos máis críticos e dolorosos da súa peripecia emigratoria.



Antonio Canicoba (Merín 1876 - Bos Aires 1919), directivo da *Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra en Buenos Aires*, convalecente dunha operación no Hospital Rawson. Bos Aires, 1918

5.3.3. Locais sociais

No momento da fundación das sociedades de emigrantes de Vedra en Bos Aires, ningunha delas dispoñía dun local propio no que poder atender aos seus socios ou celebrar as reunións e asembleas. Nos primeiros momentos estableceron as súas sedes nas casas dalgúns socios que tiñan máis sitio para acoller reunións. No caso da *Sociedad de Residentes de Vedra en Buenos Aires*, nos inicios, e durante algúns anos, foi a casa do socio fundador Manuel Fernández Castelao a elixida para sede, por tratarse dun establecemento hostaleiro situado nunha das zonas da cidade onde máis vedreses residían, no centro e suroeste de Bos Aires. Para as outras sociedades os inicios foron os mesmos, e as sedes foron mudando dun sitio a outro da capital arxentina en función dos momentos económicos ou das alianzas que se ían establecendo entre algunhas delas.

Durante boa parte do século XX as sociedades remitiron sumas importantísimas de cartos para construír locais sociais en Vedra, pero nunca destinaron cartos para ese fin na Arxentina, aínda que algúns socios tiñan proposto que se fixera un local propio.

Co tempo, as dúas sociedades existentes na actualidade chegaron a ter unhas sedes estables. A *Sociedad Agrícola y Cultural de Residentes de Vedra en Buenos Aires* a partir de 1944, ano no que se asocia formalmente á *Federación de Sociedades Gallegas*, pasou a ter a súa secretaría nun dos andares do palacete de Chacabuco 955, ao igual que o resto de sociedades federadas, e nel continúa na actualidade.

A *Sociedad Progreso y Cultura Parroquial de Vedra* adquiriu no ano 1974 un solar na rúa José Marmol 760 que foi acondicionándose ate converterse nun local social que na



Sala Manuel Cao Turnes no interior do palacete de Chacabuco 955, sede da *Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires*



Fachada do Palacete Chacabuco 955, lugar onde se alberga a secretaría da *Sociedad Municipal de Vedra*

actualidade é capaz de acoller reunións, banquetes, representacións musicais e teatrais e todo tipo de servizos para os socios.

6. VEDRA, UN CONCELLO MARCADO POLA EMIGRACIÓN. AS CONSECUENCIAS

Non cabe dúbida, tal como acabamos de ver, que as sociedades de emigrantes xogaron un papel fundamental na modernización da nosa terra, unha modernización a todos os niveis. Os diversos aportes americanos modificaron substancialmente a realidade galega, que se viu afectada tanto no ámbito económico coma no social, cultural ou educativo.

Pero estes emigrantes non foron os primeiros en interviren, cos seus aportes, na vida das súas aldeas, parroquias, concellos, e en xeral de Galicia. Dende mediados do século XVII, de xeito individual ou ben mediante as fundacións benéficas, os que estaban desprazados en ultramar trataron de mellorar a situación dos veciños que quedaran nos seus lugares de orixe.

Este tipo de accións filantrópicas e culturais, levadas a cabo por un individuo emigrado, que destina parte da súa fortuna para actividades docentes, ou outras melloras no seu lugar natal, pode dicirse que chegan ata a actualidade en Galicia. Con todo iso, as maiores inversións foron as realizadas de forma colectiva, as realizadas polas *sociedades*.

6.1. Consecuencias económicas

Os emigrados a Cádiz e a Castela foron, tamén, os que primeiro obtiveron uns recursos derivados do traballo e da compravenda de lenzos que lles permitiron capitalizar



Salón da *Sociedad Progreso y Cultura Parroquial de Vedra* en Bos Aires. Rúa Marmol 760

de maneira significativa moitas unidades familiares nas terras da Ulla.

As repercusións económicas derivadas da emigración a América comézanse a notar dende o primeiro momento e, incluso, antes da partida dos emigrantes. O feito de ter que mercar unha pasaxe e pagar os gastos administrativos ou os subornos para embarcar mobilizaba recursos monetarios difíciles de xuntar para a maioría das familias e dos emigrados. Dispoñer de aforros, vender ou hipotecar

algún dos bens desas pequenas propiedades campesiñas, contar cun préstamo de familiares ou amigos era un paso previo á emigración que convertía ao futuro emigrado nunha inversión económica a medio prazo. Desta maneira, o emigrante contraía obrigas económicas máis ou menos formais, legais ou morais, cos seus parentes ou cos prestamistas. Os cartos, prestados ou non, necesarios para emprender a viaxe tiñan que ser amortizados grazas ao traballo e aos aforros no destino americano. A maioría dos nosos emigrados foron capaces de facer fronte ás obrigas contraídas antes da súa partida, pero tamén coñecemos, por diversas fontes, que nalgúns casos iso non foi posible debido ao falecemento prematuro do emigrante, a enfermidade grave do mesmo ou a outros factores.

O risco de, chamémoslle, perder a inversión feita existía, pero para a maior parte dos emigrantes, foi posible asumir os compromisos adquiridos ou recuperar os cartos empregados na viaxe.

Unha vez que os traballadores emigrados ían acadando estabilidade laboral e eran capaces de xerar aforros, unha parte moi importante dos mesmos eran enviados a Galicia por diversos medios: a través das propias armadoras e os seus axentes; por medio de letras de cambio entre bancos americanos e algún dos incipientes bancos galegos; ou traídos polos propios emigrantes nas súas viaxes de retorno.

Moitos emigrantes enviaron cartos as súas familias para construír ou reconstruír casas, muros, alpendres, para comprar terras, pagar impostos e axudar no sostemento das súas familias, e un longo etc., repercutindo no concello de Vedra, ao igual que no resto dos municipios peninsulares, no eido económico.

Ata a década de 1920 un dos destinos prioritarios dos cartos feitos en América foi o de redimir os foros que impedían a posesión da propiedade plena da terra que traballa-

ban a inmensa maioría dos labradores de Vedra, sendo esta, ademais, unha das principais causas da emigración.

Evidentemente, aqueles emigrados que deixaban muller e fillos no noso municipio ou os que tiñan a clara intención de retornar, canalizaban todo o seu aforro cara estas terras e as súas familias. Pero, mesmo moitos dos que non tiñan unha intención clara de volver, ou se estableceran de xeito definitivo no país de acollida, remitíanlles cartos aos que permanecían en Vedra, ben de maneira altruísta ou ben constituíndose en prestamistas de familiares ou conveciños seus.

A compra de terras e sostemento das familias foron o destino maioritario dos cartos procedentes de América. A súa influencia deixouse sentir en todos os sectores comerciais e produtivos da nosa comarca, producindo alteracións nos prezos das terras e nas relacións de moitas familias labregas cos grupos sociais dos que tradicionalmente viñan dependendo (fidalgos terratenentes, clero...) ao deixar de necesitar dos seus préstamos.

Aínda que en menor medida, as remesas procedentes de América están na orixe dalgúns proxectos empresariais e comerciais levados a cabo durante o século XX por emigrados retornados ou polos seus descendentes, que no caso de Vedra, aínda están insuficientemente estudados. Na década de 1920 un retornado de Cuba botou a andar un muíño albeiro e construíu un serradoiro na parroquia de San Miguel de Sarandón. E algún dos pequenos comercios ultramariños desta zona foron propiedade de emigrados retornados de Cuba ou de Arxentina.

Noutros casos, os cartos de América traídos polos retornados permitiron a mobilidade social das súas familias, ao facer posible que moitos dos fillos destes cursaran estudos superiores e accederan a profesións liberais ben pagadas e con prestixio social (médicos, avogados,...), como aconteceu no caso dos irmáns Henrique e Donato Alvela y Ande, fillos dun emigrado da aldea de Sarandón a Cuba a finais do século XIX, e que fixeron carreira diplomática un e medicina o outro.

Pero, non só as familias dos emigrantes recibiron algunha axuda, tamén a comunidade en si, é dicir, a aldea, a parroquia, e ata o municipio, se viron beneficiados polos cartos



Ponte de Bazar (Trobe-Vedra), unha das financiadas polas sociedades de emigrantes de Vedra en Bos Aires




Letra de cambio empregada para remitir cartos dende Bos Aires a Galicia

chegados de América. As sociedades por eles creadas na Arxentina investiron na construción de camiños, cemiterios, escolas, casas das sociedades agrarias, compra de material escolar, adquisición de abonos e sementes, etcétera. A esas actividades e á súa incidencia en Vedra xa fixemos referencia en apartados anteriores. Réstanos tan só engadir que non todas as sociedades creadas por galegos en América tiveron o poder económico e organizativo necesario para facer inversións destacables nos seus lugares de orixe. As sociedades de emigrantes de Vedra están, por dereito propio, entre ese 35% de sociedades galegas que foron capaces de facer obra colectiva perdurable na súa terra.

6.2. Consecuencias sociais

Tamén traballaron os emigrados a América para mellorar a situación social do pobo. Para iso, as sociedades centráronse en axudar aos máis desfavorecidos e necesitados, ao mesmo tempo que levaban adiante outras actividades que permitían a mellora social de todos os veciños. Un bo exemplo disto é o labor realizado pola *Sociedad Agrícola, Ganadera y de Instrucción de Santa Eulalia de Vedra*, que axudou a enfermos, en repatriacións, enterros, etcétera, ao mesmo tempo que remitían á sociedade matriz na parroquia de Vedra importantes cantidades para financiar o seu funcionamento: creando unha cooperativa para mercar ferramenta e maquinaria para os socios, e a posta en marcha dunha sección de seguros de gando para os veciños da parroquia.

A liña de actuación das outras sociedades era moi semellante, e a súa intervención e presenza en



Portada do regulamento dun dos seguros de gando financiados dende Bos Aires. Vedra, 1912

Veciños da parroquia de Vedra xunto ao cadro de Paz Camps que lle regalaron á *Sociedad Progreso y Cultura Parroquial de Vedra en Bos Aires*. Década de 1970



Vedra foi unha constante durante o primeiro terzo do século XX. Podemos dicir, que as achegas dos emigrantes e das súas sociedades foron decisivas no artellamento do tecido social, ata que o Golpe de Estado de 1936 e a posterior Ditadura franquista se encargaron de desmantelar e anular a participación da sociedade civil na construción dun país democrático.

6.3. Consecuencias educativas e culturais

O interese dos emigrantes no ámbito cultural e educativo é anterior ao século XX. Algúns particulares xa tiñan destinado recursos cara ese fin, pero será no primeiro terzo do pasado século, cando estas iniciativas se fagan máis importantes. Isto débese á creación das *Sociedades de Instrución*, as asociacións que tiñan como finalidade mellorar o eido educativo nos seus lugares de orixe.

Unha mellora cultural e educativa que se fixo mediante achegas económicas, culturais, sociais e ideolóxicas. Enviáronse moitas remesas de cartos que serviron para a



creación de escolas, inverteuse ao mesmo tempo na conservación das xa existentes, no equipamento, no pago aos mestres, nos premios infantís para incitar aos nenos a esfor-

Despois de anos de esforzo económico feito polos emigrados e polos veciños de San Pedro de Sarandón, no ano 1934 inaugurouse a primeira escola da parroquia



Reconstrución dunha aula de indianos no Museo Pedagógico de Galicia (MUPEGA). Santiago de Compostela, 2009

zarse máis nos estudos, etcétera. Tamén se crearon bibliotecas, museos pedagóxicos, clases para adultos, aulas femininas,... Buscábase pois unha innovación pedagóxica, e podemos ver nestes aspectos o intento por aportar unha mellora cultural no ámbito da escola.

Os de América sempre destinaron fondos para a educación, pero o despegue nesta faceta íase producir á par do auxe do movemento asociativo. Na década de 1910 xurdirían varias mutualidades escolares nas localidades e as mesmas agrarias ofrecían os seus locais


á Xunta de Instrución Pública para instalar escolas, mesmo algunha sociedade ademais de agraria chamábase tamén escolar, incluíndo no seu regulamento o compromiso de procurar que as escolas do municipio estiveran en mellores condicións do que o estaban. Igualmente, ocupábanse de dotar a estes edificios do material preciso. Segundo ía transcorrendo o século XX, as remesas de cartos eran máis importantes, máis cuantiosas e máis regulares, proceso que se detivo co inicio da Guerra Civil Española, aínda que esta tendencia non foi uniforme.

O labor educativo realizado polos emigrantes foi excepcional e os magníficos edificios, co seu valor cultural, recreativo, escolar, sindical... son testemuñas da obra que os emigrantes de Vedra realizaron no seu lugar de orixe. Testemuñas entre os que se atopan, tamén, os

Mapas políticos de América do Sur como o da fotografía eran comprados na maioría das escolas con cartos enviados dende a outra beira do Atlántico para que os nenos, moitos deles futuros emigrantes, coñecesen xa dende cedo o país de emigración. Fondo MUPEGA



fondos bibliográficos que cruzaron o Atlántico para formar parte de varias bibliotecas coa misión de participar no labor educativo que os emigrantes pretendían levar a cabo.



As fotografías mostran algúns dos obxectos enviados dende América ou comprados con cartos procedentes de alí. Fondo MUPEGA

Nalgunhas ocasións conseguíronse os propósitos desexados, e noutras quedouse no intento. Aínda así, non se pode dubidar da gran tarefa realizada polos de América: o financiamento, a dotación, a revisión, a remuneración do profesorado, e moitos outros aspectos son a proba da gran aposta pola educación. Igual que o é o feito dunha mellora real da calidade da ensinanza, e das consecuencias que isto produciu na educación do pobo.

6.4. Consecuencias nas mentalidades. O feito relixioso

Se en canto ás realizacións ou cambios promovidos polos emigrantes nos eidos económico, educativo ou social, non hai apenas dúbidas e resúltanos fácil constatalos, non acontece o mesmo no referente ao sempre complicado estudo histórico das crenzas e mentalidades.



Caricatura aparecida no número 39 da revista *Teo* en Bos Aires, xullo de 1913

Parece claro, sen embargo, que a primeiros do século XX se deron cambios de certa importancia no que atinxe á relevancia que moitos habitantes das comunidades rurais galegas lle daban ao feito relixioso e, sobre todo, á maneira de entender o papel do clero católico das parroquias.

Unha vez máis, vemos que son algúns dos integrantes das sociedades agrícolas de Vedra, que estiveran previamente emigrados, ou servindo no exército en Cuba, os que cuestionan con dureza as crenzas relixiosas de

moitos dos seus veciños e se opoñen frontalmente ao liderado que viñan exercendo, a todos os niveis, os curas das nosas parroquias.

Debemos ter en conta que, en verbas do profesor P. Saavedra, *...a práctica relixiosa non se entende se esquecemos que era un feito social antes que, exclusivamente, individual... As crenzas e celebracións comunitarias constituían un importante vínculo no seo das familias, das aldeas e das parroquias...* Isto pode explicar, en parte, a tendencia dos nosos emigrantes a non participar tan a miúdo na práctica relixiosa nos seus países de destino.

Lonxe das nosas parroquias, moitas das prácticas relixiosas vinculadas á sociabilidade labrega perdían a súa razón de ser, ao tempo que o contacto coas sociedades urbanas, cos emerxentes movementos sindicais obreiros, e con culturas diversas onde o laicismo tiña presenza, non cabe dúbida que influían fortemente na mentalidade dos emigrados.

Moitos dos integrantes das sociedades de Vedra creadas en Bos Aires, e algúns dos seus compañeiros de causa neste concello, identificaban na súa correspondencia, e sobre todo en artigos publicados nas revistas *El Eco de Teo* ou *Unión Teo y Vedra*, ao clero católico e ao poder da Igrexa como unha das causas do atraso, da miseria, e da ignorancia da xente.

Sinalados os curas católicos como garantes dun réxime político considerado contrario aos intereses dos labregos, os residentes en América máis activos do noso asociacionismo durante o primeiro terzo do século XX non deixaron de asediar, dende a prensa e nos discursos pronunciados nos actos sociais, aos cregos das súas parroquias e á xerarquía católica.

É máis, en moitas das obras financiadas polos emigrantes, así como nos proxectos educativos, existe unha clara intención laicista que socava o, ata entón, indiscutible poder eclesiástico. Para comprobar isto baste mencionar o xa coñecido caso do cemiterio parroquial de Vedra previsto, estatutariamente, como católico e civil. Nos anos vinte a *Escola República Argentina* de San Pedro de Vilanova era fundada como escola laica ao igual que a de San Xián de Sales, ámbalas dúas financiadas dende a Arxentina.

En definitiva, moitas das iniciativas emprendidas con axuda dos emigrados estaban encamiñadas a promover un cambio na mentalidade e nas crenzas dominantes ata ese momento, o que non impedía que as ideas relixiosas de moitos emigrantes, asociados ou non, permaneceran fondamente arraigadas no catolicismo no que foran educados.

Non todas as sociedades de emigrantes e as agrarias foron combativas co clero das parroquias, e só algunhas o excluían expresamente de poder formar parte das sociedades agrarias. Mesmo a *Sociedad Agrícola de Vedra*, apoiada dende Bos Aires pola *Sociedad de Residentes de Vedra*, unha das máis laicistas e anticlericais, se chega a integrar no ano 1919 na *Federación de Sindicatos Agrarios Católicos*, aínda que iso supuxo a ruptura de relacións entre ambas sociedades.

Tampouco non son estrañas as doazóns de obxectos litúrxicos ou as axudas para o mantemento das igrexas ou para a celebración das festas relixiosas das parroquias feitas por emigrados de xeito individual ou colectivo. Destacaremos aquí, entre moitos exemplos disto, a axuda aportada para mercar as campás da igrexa de Vedra ou a doazón do reloxo da igrexa de San Xián.

Que no seo das comunidades emigrantes de Vedra existían distintas posicións ante o feito relixioso queda demostra-



Misa da Virxe das Dores en Bos Aires arredor de 1960



D. José Otero González, cura de Santa Baia de Vedra, no medio de nenos descendentes de emigrados de Vedra en Bos Aires, 1970

do cando a mediados do século XX a *Sociedad Progreso y Cultura Parroquial de Vedra* retoma a súa actividade despois de tela interrompido nos anos da Guerra Civil. Nese intre, un dos motivos de desacordo entre o núcleo refundador era a comenencia ou non dos actos litúrxicos con motivo da organización dunha festa a primeiros de setembro coincidindo coa

celebración da festa das Dores en Vedra. Finalmente, impúxose a opción de celebrar unha misa solemne fronte á proposta defendida polos partidarios dunha festa laica.

O laicismo e o anticlericalismo promovido por algunhas elites da colectividade emigrante de Bos Aires, pensamos que máis debido á identificación que facían entre clero e sistema político que a unha fonda reflexión sobre as súas crenzas, provocou certa axitación e aportoulle novas perspectivas aos habitantes do rural galego, sinaladamente nas zonas de intensa emigración coma Vedra. Certo é que, sexa en Vedra, en Bos Aires ou na Habana, as cerimoniais relixiosas católicas presidiron a celebración dos momentos máis significativos e transcendentais na vida da inmensa maioría dos nosos emigrados e antepasados durante todo o século XX.

6.5. Consecuencias demográficas. A inmigración

A comarca da Ulla foi, como xa vimos, unha das áreas de maior emigración de Galicia dende mediados do século XIX, pero o que resulta curioso é que, paralelamente a esa emigración, soportou unha inmigración non carente de importancia.

Tanto nas actas de plenos do Concello, coma nos padróns de 1898 e 1930 e, por suposto, no Arquivo Municipal, podemos ver que dende mediados do século XIX son moitos os homes e mulleres solteiros procedentes da comarca coñecida como *A Montaña*, é dicir, os naturais dos concellos de O Pino, Frades, Mesía, Sobrado, Visantón, Curtis ou Ordes, todos situados no interior da Provincia da Coruña e nos límites coa Provincia de Lugo, que chegan a Vedra.

Estes homes e mulleres empezaron a chegar ao Val da Ulla atraídos polas oportunidades de traballo na agricultura, como xornaleiros ou caseiros, que non tiñan nas aínda

máis deprimidas comarcas do interior coruñés. No caso das mulleres era habitual que se empregaran de criadas dalgunhas casas grandes existentes na comarca.

Os homes procedentes da *Montaña* casaban con moita frecuencia con mulleres do concello de Vedra, mentres que eran moito menos frecuentes os matrimonios entre homes do concello e as mulleres foráneas. A explicación deste desigual comportamento está, sen dúbida, nas altas taxas de poboación célibe feminina que se daban en toda a comarca da Ulla como consecuencia da emigración dos varóns en idade de casar cara América.

Outra inmigración significativa para o concello de Vedra foi a que tivo por protagonistas a homes de nacionalidade portuguesa que comezan a chegar á Ulla para traballar, sobre todo dende finais do século XIX, nalgún dos numerosos serradoiros de madeira que se instalan na comarca. Ao igual que o que aconteceu cos procedentes da *Montaña* estes homes casáronse e establecéronse de xeito definitivo no noso concello. Aínda que faltan estudos máis precisos sobre esta inmigración que lle afectou ao concello de Vedra ata mediados do século XX, podemos dicir en base ás fontes antes sinaladas e a diversas fontes orais, que estes inmigrantes viñeron a ocupar o baleiro demográfico que se produciu na Ulla coa masiva emigración dos seus homes cara Cuba e Arxentina. E os seus descendentes forman parte da poboación que actualmente compón o concello de Vedra. A algúns destes inmigrantes, ou dos seus descendentes, atopámoslos nos rexistros de emigrantes á Arxentina despois de terse establecido no concello de Vedra. Seguiron así, a corrente dominante da emigración na Ulla.

En contra do que puidera parecer, nunha observación lixeira da nosa historia e da nosa realidade social, podemos afirmar que o concello de Vedra foi un concello de inmigración, e non só de emigración como ata o de agora era o máis evidente.

7. O RETORNO DOS EMIGRANTES DE VEDRA, DAS SÚAS FAMILIAS E DESCENDENTES

Nun senso estrito, considéranse emigrantes retornados a aqueles homes e mulleres que naceron no Estado español, teñen nacionalidade española, estiveron traballando fóra do país boa parte da súa vida activa e regresan á súa terra en idade laboral ou xa xubilados. Nun senso máis amplo, tendemos a englobar nesa acepción tamén aos seus descendentes directos: fillos, netos e ás súas familias, en moitos casos galegos de *corazón*, coñecedores de aspectos da cultura dos seus antepasados pero que non naceron en Galicia e que, nalgúns casos, carecen da nacionalidade española. Cando Galicia deixa de ser para eles un país imaxinario e comeza a ser o país onde se queren asentarse e traballar, as dificultades que se poden atopar van dende os problemas legais para a súa estancia, ata o choque cultural e as dificultades de integración tanto na sociedade coma no mercado laboral.

MATERIAL DE CONSULTA E LECTURA

O primeiro terzo do século XX caracterizouse, no que atinxe ao comportamento dos fluxos migratorios entre Galicia e América, pola alta porcentaxe de retornos dos emigrados, arredor do 70%, a maioría varóns, despois duns anos de traballar en países como Cuba, Arxentina ou Uruguai. Pola contra, na segunda metade do século pasado, e ata a última década do mesmo, o retorno, sobre todo dende Arxentina, pódese cualificar de escaso ou inexistente.



Curiosa fotografía dun emigrante retornado a Vedra nos anos 1950

Nas dúas últimas décadas a profunda crise económica, que sacude á maior parte de países iberoamericanos e que se agudizou especialmente na Arxentina no último lustro do século XX, empuxou aos seus habitantes a unha emigración masiva do mesmo xeito que acontecera en Galicia en épocas anteriores. Entre esa poboación que se vía obrigada a emigrar atopábanse moitas das persoas que xa marcharan de Galicia por motivos económicos e laborais. Como se dunha maldición se tratase, volvéronse a ver na obriga de ter que decidir entre permanecer no lugar onde xa se tiñan establecido e formado unha familia e unha rede de relacións sociais, ou volver a emigrar, buscando mellorar economicamente e incluso, tan só, estabilidade e seguridade. Entre este grupo de persoas atopamos moitos que deciden volver a Galicia, preto dos seus parentes, e que pasan así a conformar un

grupo cunhas características especiais e diferenciadas do resto de inmigrantes procedentes doutros países e sen nexos familiares en España.

Non podemos dicir que Vedra se convertera nun concello de



Recibimento brindado a un numeroso grupo de emigrantes residentes en Bos Aires á súa chegada a Vedra. Ano 1970

acollida, sen embargo, si que se rexistran retornos tanto dende América como dende Europa e, aínda que non chega ao 1% da poboación de feito do concello, tamén se constata a presenza de inmigrantes de procedencia europea e latinoamericana.






No que atinxe á visión xeral que da inmigración se ten na actualidade en Galicia, debemos destacar que, moi a miúdo, vense tan só problemas e efectos negativos motivados as máis das veces por prexuízos. Téndese con demasiada frecuencia, como así o demostran as diversas enquisas e estudos sociolóxicos, a magnificar eses efectos negativos da inmigración e a infravalorar os efectos positivos que a chegada de persoas doutras culturas, en idade de traballar e producir, teñen para a nosa economía e sociedade.

A emigración en Vedra



A emigración en Vedra

Proposta de actividades



A emigración en Vedra

PROPOSTA DE ACTIVIDADES



8. PRESENTACIÓN DAS ACTIVIDADES DIDÁCTICAS

Este material didáctico que aquí se achega aos mestres e mestras, procura ser un recurso de apoio para afondar na aula o tema da emigración de Vedra a América.

Trátase dunha proposta de actividades que pretende ser aberta e modificable, aportando aos docentes as ferramentas básicas para traballar, pero sempre partindo da base de que cada un debe adecuar o material ás necesidades e inquiredanzas dos seus alumnos e alumnas.

As diversas actividades que aquí se recollen están adaptadas segundo varios criterios, entre os que destacan: o curso no que se van a traballar, os coñecementos iniciais do alumnado, e a madurez deste.

Esta proposta de actividades consta de tres bloques nos que se atopan tarefas destinadas para os seguintes cursos:

- 3º e 4º de primaria
- 5º e 6º de primaria
- 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria

Cada bloque está dividido en sete epígrafes que corresponden coa explicación teórica do tema. Unha explicación que como xa anunciamos, vai destinada aos ensinantes coa intención de ampliarlles os coñecementos sobre o tema e facilitarlles así algunhas directrices para a realización das actividades presentadas.

Só queda esperar que na medida do posible sexa unha proposta lúdica e creativa, e que favoreza a atención á diversidade de intereses.

9. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA 3º E 4º DE PRIMARIA

9.1. Introducción

Tentamos nas seguintes páxinas facilitarlle ao educador/a a tarefa de achegar aos alumnos/as o fenómeno da emigración de Vedra á América. E para iso preséntanse actividades moi diversas, adecuadas tanto á idade dos destinatarios como aos seus coñecementos.

A emigración en Vedra é unha proposta didáctica que está dirixida aos nenos que se atopan cursando 3º e 4º de primaria.

9.2. Obxectivos

– Obxectivo xeral:

- a) Preténdese que o alumnado de 3º e 4º de primaria se aproxime ao fenómeno migratorio en xeral e, en particular, á emigración do municipio de Vedra cara América.

– Obxectivos específicos:

- a) Espertar a curiosidade polo noso concello, Vedra.
- b) Valorar a riqueza histórica do municipio no que vivimos.
- c) Ampliar vocabulario relacionado co tema.
- d) Motivar cara o coñecemento doutras culturas.
- e) Fomentar actitudes de tolerancia e respecto cara os emigrantes e inmigrantes.

9.3. Contidos

BLOQUES DE CONTIDOS	CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES
A emigración fenómeno universal e intemporal	- O fenómeno da emigración - Emigración galega e Vedresa	-Identificación da emigración como feito histórico -Comprensión do fenómeno da emigración	-Reflexión da evolución histórica -Apreciación dos acontecementos do pasado
A emigración en Vedra durante os séculos XIX e XX	- Os emigrantes. - As circunstancias	-Localización xeográfica. -Uso de cronoloxías para maior comprensión	-Respecto polo patrimonio do presente e do pasado -Comprensión dos feitos
Causas da emigración no concello de Vedra	-Causas favorables -Causas desfavorables	-Análise das causas -Lectura e interpretación de datos	-Relativización dos resultados obtidos na investigación histórica -Interese por coñecer as causas
A chegada a América e a fundación das sociedades de emigrantes	-A chegada ás cidades americanas -As sociedades de emigrantes en Arxentina	-Comprensión dos trazos destacables do aspecto das asociacións en América -Valoración crítica da información	-Concienciación de pertenza a un pobo e a unha cultura propia -Responsabilidade pola conservación das testemuñas históricas
Os emigrantes no país de acollida. Vedra na Arxentina	-A actuación colectiva na Arxentina -Adaptación	-Recompilación dos costumes e das accións de persoas e colectivos -Indagación de valores e normas de comportamento	-Fomento do compromiso activo -Conciencia de diversidade cultural
Consecuencias da emigración no concello de Vedra	-Consecuencias positivas. -Consecuencias negativas	-Comprensión da multiplicidade de consecuencias do fenómeno migratorio - Reflexión sobre as actitudes persoais que poden influír nun acontecemento histórico	-Interese por coñecer as consecuencias do fenómeno migratorio -Motivación por aprender dos erros
O retorno dos emigrantes de Vedra, das súas familias e descendentes	-Crise en América -Emigración de retorno	-Rexeitamento de actitudes discriminatorias -Adoptar unha actitude crítica ante os acontecementos e as situacións da sociedade actual	-Actitude tolerante e antidogmática -Rexeitamento de formas de pensar e prácticas discriminatorias

Hai que salientar que a proposta didáctica está enfocada para que os alumnos adopten unha postura crítica ante as distintas interpretacións dos acontecementos e procesos

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

históricos. Así mesmo, pretende favorecer o desenvolvemento de posturas antidogmáticas e tolerantes cara outras formas de vida e de pensar distintas á propia. Outro importante ámbito de desenvolvemento de actitudes está constituído pola sensibilización ante os problemas sociais e a defensa dos dereitos humanos.

A referencia continua ao contorno e á realidade do alumno/a, e ao presente histórico, social, económico e cultural que coñece, favorece a comprensión das causas que determinan os feitos que ocorren ao seu redor e fomenta o interese, a sensibilidade, e as actitudes solidarias e de compromiso cara os grandes problemas de España, de Galicia, e do concello de Vedra en particular.

9.4. Metodoloxía

Os principios metodolóxicos que inspiran esta proposta didáctica teñen como obxectivo final a consecución dunha aprendizaxe reflexiva e significativa, adaptada ao nivel de desenvolvemento e coñecementos propios do alumnado de 3º e 4º de primaria. Un factor fundamental será a motivación, xa que debemos procurar a curiosidade e interese do alumnado, o que posibilitaría que realizasen aprendizaxes significativas por si mesmos é dicir, *aprender a aprender*. E para iso, na maioría das ocasións potenciarase o traballo cooperativo, en pequenos grupos ou con toda a clase, co fin de favorecer o debate como vehículo de enriquecemento e intercambio de opinións, fomentar a adquisición de valores e a adopción dunha postura crítica e reflexiva á hora de analizar e formar as súas opinións e argumentos sobre a realidade que os rodea.

9.5. Temporalización

Preténdese que esta proposta didáctica sexa flexible, e que os docentes poidan adaptala ás súas necesidades, por iso os apartados que conforman o proxecto poden ser tratados dun xeito independente, aínda que tamén poden ser traballados de xeito secuencial, xa que se complementan. Moitas destas actividades realizaranse fóra do horario escolar.

9.6. Recursos

– RECURSOS ESPACIAIS

As diversidade de actividades supón que os escenarios onde se vaian a levar adiante sexan tamén varios. Así, a aula, o fogar do alumnado, a aldea ou a parroquia serán os lugares nos que se desenvolverán as distintas propostas.

– *RECURSOS HUMANOS*

Precisase para levar a cabo a proposta de actividades: un mestre/a que explicará os contidos; o alumnado, que desenvolverá as propostas; a familia destes; os seus veciños; e emigrantes retornados que axudarán coas súas respostas a resolver as actividades.

– *RECURSOS MATERIAIS*

– Non funxibles

- Encerado
- Taboleiro
- Impresora

– Funxibles

- Cadernos
- Cores
- Xornais diarios
- Cartolinas
- Tesoiras
- Pegamento
- Papel
- Bolígrafos
- Lapis
- Gomas
- Comida

9.7. Avaliación

A avaliación desenvolverase dende o inicio das actividades, xa que estas proporcionannos información sobre o grao de interiorización dos contidos que vai adquirindo o alumnado. Será fundamental a participación, o interese e motivación dos alumnos na realización da proposta didáctica, e poderemos avaliála a través da observación da actitude cara os compañeiros e as súas opinións; da participación nos traballos en grupo; do grao de implicación no desenvolvemento da actividade; etcétera. Así mesmo, as tarefas realizadas nos cadernos tamén son outro recurso que podemos utilizar para levar a cabo a avaliación. Todos estes datos poden ser recollidos polo mestre/mestra nun diario.

Todas estas cuestións corresponden á avaliación continua, pero antes de iniciar a proposta didáctica farase unha avaliación inicial para coñecer a información de partida

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

que teñen os alumnos sobre o tema, para iso farase unha serie de preguntas aos alumnos como poden ser:

- Que é a emigración?
- Cara onde se emigraba?
- Por que se emigraba?
- Se coñecen algún emigrante
- Etc.

Ao concluír a proposta didáctica faranse de novo as mesmas preguntas para observar os coñecementos adquiridos, será a avaliación final.

9.8. Actividades

Lembramos o carácter orientador das actividades que a continuación se propoñen. Polo tanto, estas son susceptibles de ser modificadas nos termos que o profesorado estime, ou de seren seleccionadas en función do seu interese para cada grupo. Consideramos que as propostas poden suscitar a elaboración de novas actividades por parte dos docentes tendo en conta as características do alumnado.

9.8.1. A emigración, fenómeno universal e intemporal

1. O concello de Vedra ten paisaxes moi diversas, zonas de montaña coma o Pico Sacro, zonas de río coma a Ponte Ulla, fermosos xardíns como os do pazo de Santa Cruz de Ribadulla, etcétera. Imos pedirlle aos nenos que indiquen o lugar do municipio que máis lles guste para logo debuxalo e pintalo.

2. Estas terras que forman parte do val do río Ulla, conservan numerosas pegadas da súa inmensa e rica historia. Que os nenos lles pidan aos seus pais que os acompañen a visitar algún pazo que haxa preto de onde viven e que lles conten o que saiban deles. Xa na clase, os nenos pintarán en murais os edificios e a paisaxe que os acompaña, e na parte inferior porán o nome e a información que recolleron sobre os pazos. Farase unha exposición na aula con todos os murais.



Un exemplo da riqueza paisaxística é o Paseo das Oliveiras no Pazo de Ortigueira



Pazo de Ximonde

3. Empregando as letras da palabra emigración, poderíanse crear novas palabras que teñan relación co tema migratorio, tal como se mostra no exemplo. Esta sería unha posible proposta de exercicio para que os nenos amplíen vocabulario ao respecto.

E	M I G R A D O
M	I G R A C I Ó N
I	N M I G R A C I Ó N
G	A L I C I A
R	A C I S M O
A	R X E N T I N A
C	U B A
I	B E R O A M E R I C A N O
O	C É A N O
N	A V E G A R

4. Buscamos no dicionario a palabra *emigración* tomando nota no caderno do seu significado. Logo buscamos unha noticia no xornal onde se fale da emigración en Galicia e comparamos as informacións obtidas.

9.8.2. A emigración en Vedra durante os séculos XIX e XX: os emigrantes, os destinos e os transportes

1. Imos coñecer o noso concello! Propoñemos que entre todos os nenos da aula debuxen nun mural o municipio de Vedra, pintando de distintas cores as diferentes parroquias e poñéndolle o seu nome correspondente.

2. Haber quen ten máis acertos! Unha actividade interesante podería resultar aquela na que en grupos de catro os alumnos contesten as seguintes preguntas, argumentando o por que da súa opinión. As repostas correctas están subliñadas en vermello.

- Vedra foi un dos lugares de Galicia no que máis se emigrou a América. V F
- Os emigrantes viaxaban en tren a América. V F
- Os nenos de Vedra foron os que máis emigraron. V F
- A xente que marchaba era a que tiña máis cartos. V F
- As mulleres tamén emigraban. V F

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

3. Propoñemos que se imprima o seguinte mapa onde os nenos terán que recortar os diferentes países que conforman América do Sur e pegalos logo no mapa que se adxunta, introducindoos deste xeito na xeografía americana.



4. O barco foi o medio de transporte no que se foron os emigrantes de Vedra cara América ata a metade do século XX, momento no que foi substituído en gran medida polo avión. Unha actividade posible sobre este tema sería pedirlle aos nenos que

debuxaran un barco, como o que aparece a continuación, que o pinten, e que sinalen nel as seguintes partes:

PROA: Parte dianteira da nave.

POPA: Parte traseira da embarcación.

VELA: Conxunto de panos ou pezas de lona ou lenzo forte, que cortados de diversos modos e cosidos, serven para recibir o vento que empuxa o navío.

MÁSTIL: Pau dunha embarcación.



9.8.3. As causas da emigración no concello de Vedra

1. Os viños da Ulla foron xa dende épocas moi antigas unha fonte de ingresos para a economía labrega de Vedra, de feito, a crise dos viños no século XIX foi unha das causas na comarca da Ulla da emigración. Actualmente, na maioría das hortas que conforman os fogares de Vedra contan cunha viña para o consumo familiar. Por iso, unha proposta de actividade relacionada co tema podería ser que os alumnos preguntasen se nas súas casas fan viño, que tomen nota das respostas e dos motivos. Seguidamente que apunten os pasos a seguir dende que se corta o acio de uvas ata que se pode beber, para logo facer unha posta en común na aula.



Todos os anos, o segundo domingo de abril, ten lugar na parroquia de San Miguel de Sarandón unha festa de exaltación do viño da Ulla, unha das máis importantes de Galicia

2. O municipio de Vedra está situado nunha comarca de interior, sendo a base da súa economía a agricultura e a gandería. Propoñémosvos que os cativos investiguen entre os avós a existencia de refráns populares que fagan referencia a tarefas no campo e que tomen nota no

PROPOSTA DE ACTIVIDADES



Fotografía onde se recolle a actividade da malla en Vedra

seu caderno. Na aula farase unha posta en común e os cinco refráns que máis gusten expóranse no taboleiro da clase.

Un exemplo sería o refrán popular de Marcial Valladares Núñez recollido na obra de Neira Pereira, Henrique et al. *O val do Ulla. Unha comarca natural: Malla sen medo se o capelo do Pico vai para Lestedo, pero con ansia se vai para A Granxa.*

3. Os habitantes de Vedra abasteciáanse, e aínda o fan, dos produtos que eles mesmos obteñen, das colleitas que plantan e dos animais que crían. Produtos que unha vez emigrados botaban de menos. En relación con isto dende hai anos en moitos lugares, e entre eles tamén en Vedra, celébranse festas gastronómicas, como por exemplo a da Orella en San Fins de Sales. Indícalle aos alumnos que pregunten na casa como se fai algunha comida típica da zona, que tomen nota no seu caderno, e que leven a proba á escola para que todos as poidan degustar.

4. Xogamos aos trabalinguas? Que os nenos recompilen trabalinguas que fagan referencia á vida no mundo rural, un entorno do que moitos tiveron que emigrar por non ofrecer as suficientes posibilidades para mellorar social e economicamente, como sucedeu no caso de Vedra.

Mostrámosche un trabalinguas recollido da páxina web www.valdoulla.com e contado por un veciño do municipio, Camilo Neira de San Miguel de Sarandón:

GATO, DÁSME O RABO?

- Gato, dásme o rabo?
- Se me dás leite
- Vaca, dásme leite para darlle ao gato para que me dea o rabo?
- Se me dás herba
- Herbeira, dásme herba para lle dar á vaca para que me dea leite para lle dar ao gato para que me dea o rabo?
- Se me dás auga
- Pozo, dásme auga para darlle á herbeira, para que me dea herba, para levarlle á vaca, para que me dea leite, para darlle ao gato para que me dea o rabo?
- Se quere o mozo
- Mozo, dásme o pozo para que me dea auga para lle dar á herbeira para que me dea herba para lle dar á vaca para que me dea leite para lle dar ao gato para que me dea o rabo?



A festa da exaltación da orella de porco celébrase anualmente entre os meses de marzo e abril na parroquia de San Fins de Sales

9.8.4. A chegada a América e a fundación das sociedades de emigrantes

1. A despedida dos familiares para marchar á emigrar é un dos momentos máis difíciles polos que teñen que pasar aqueles que deciden partir da súa terra. Que os nenos fagan un debuxo para observar como perciben eles esta situación de separación familiar.

2. No ano 1910 fúndanse en Bos Aires dúas sociedades de naturais deste concello que terán continuidade ate o día de hoxe, son a *Sociedad Agrícola, Cultural y Recreativa del Municipio de Vedra* e a *Sociedad Progreso y Cultura Parroquial de Vedra*. Imprime as seguintes imaxes e repárteas entre os alumnos para que as pinten no seu caderno e poidan así recoñecer os selos destas dúas sociedades das que se está a celebrar o centenario.



3. Dende o ano de 1910 en diante constituiríanse moitas outras sociedades parroquiais de Vedra na Arxentina, ou de ámbito municipal, pero cunha duración efémera. Estas sociedades foron *Unión y Progreso de San Julián de Sales*, *Nueva Era de Vilanova y sus contornos*, *El Progreso de San Andrés de Illobre*, a *Comisión Pro-Escuelas de Puente Ulla* ou a *Mutua y Auxiliar de la Sociedad Agrícola de Vedra*. Copia no encerado as seguintes palabras incompletas que conforman o nome destas sociedades, e que os alumnos nos seus cadernos poidan completalas engadíndolles as vogais que faltan.

- Uni_n y Progr_so de San J_lián de Sal_s
- Nuev_ Era de Vilan_va y sus contornos
- El Progreso de S_n Andrés de Ill_br_
- Comisión Pro-Escuelas de P_ent_ Ull_
- Mutua y Auxiliar de la Socied_d Agr cola de V_dra.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Propoñemos que os nenos fagan de detectives privados, como?, moi sinxelo. Suxerímosche que pidas aos nenos que pregunten na súa familia se alguén pertenceu a algunha sociedade de Vedra, sexa en América ou aquí no municipio e que apunten no caderno da escola as respostas para despois facer unha posta en común na clase e coñecer algo máis sobre as sociedades.

1. Se estiveron en sociedades que se informen de:

- Nome da sociedade
- Data de creación
- Data na que desapareceu de ser o caso
- Que se facía nesa sociedade



2. Se non estiveron que se informen de:

- Se coñecen algunha sociedade de Vedra ou de América que escriban o seu nome
- Data de creación
- Data na que desapareceu de ser o caso
- Que se facía nesa sociedade

9.8.5. Os emigrantes no país de acollida. Vedra na Arxentina

1. Os emigrantes de Vedra na Arxentina tiñan ocupacións moi variadas. Unha posible tarefa é que imprimas a seguinte actividade para que os nenos poidan relacionar os empregos que desenvolven os emigrantes de Vedra en Arxentina cos debuxos que os acompañan:

conductor panadeiro modista camareiro zapateiro cociñeira



2. Imprime o seguinte exercicio e que os nenos subliñen entre as seguintes publicacións as que pertencen á emigración de Vedra.

El Correo Gallego



Teo



La Voz de Galicia



Unión Teo y Vedra



Hola



Hércules



PROPOSTA DE ACTIVIDADES



Fotografía antiga dunha festa en Vedra



Fotografía antiga dunha moza de Vedra vestida para ir á romaría

3. As festas de Vedra eran tan importantes para os que estaban no concello coma para os que estaban emigrados, xa que se celebraban nas dúas beiras do Atlántico. Unha proposta de actividade para os alumnos podería ser aquela na que lle preguntan aos avós como celebraban antes as festas, que tomen nota no seu caderno de exercicios e que fagan unha comparación de como son agora na súa casa. Algunhas posibles preguntas que poden facer os nenos aos seus maiores son:

- Que se comía o día da festa antes e agora?
- Onde celebraban o xantar: na casa ou no campo da festa?
- Que facían despois de comer?
- Como ían vestidos á festa e, actualmente?
- Que música había?

4. Este é o grupo de baile *Sociedad Parroquial de Vedra en Bos Aires*, constituído na década de 1950. Imprime un exemplar para cada cativo e que atopen as catro diferenzas.




Resolución das diferenzas:

1. No estandarte: nun pon Vedra, noutro Teo
2. No tambor: un está escrito e outro non
3. No rapaz da esquerda: un leva gorro e outro non
4. No centro superior da imaxe: un ten un cable colgando e outro non.

9.8.6. Vedra, un concello marcado pola emigración. As consecuencias

1. Cos cartos que chegaron dende América, construíronse e compráronse moitas cousas, como por exemplo o que se reflicte nas fotografías seguintes. Imprímellas aos nenos e que lle poñan o nome.



PROPOSTA DE ACTIVIDADES

2. As escolas de indianos foron unha das cuestións máis importantes e nas que máis cartos investiron os emigrados galegos en América e, en particular os de Vedra en Bos Aires. Unha posible actividade que teña que ver coas escolas é que os nenos pescuden se na zona hai algunha escola de indianos, e logo que redacten un breve texto describíndoa.

3. Imos xogar ás adiviñas! Comeza o/a mestre/a, e o alumno que antes consiga saber de que se trata propondrá unha nova adiviña, e así sucesivamente ata completar 10. Todas teñen que ser sobre obxectos que haxa na aula. O que máis atine será o gañador! Dous exemplos serían os seguintes:

- Que cousa está negra cando está limpa, e branca cando está sucia?
(*encerado*)
- Nunha esquina da aula, onde eu estou colocada, acodes cos papeis que non che serven de nada
(*papeleira*)



4. Ímoslle pedir aos nosos alumnos que pregunten aos seus avós, e se non teñen, aos veciños de maior idade, que cancións infantís cantaban na escola. Que tomen nota no seu caderno para logo expolas na clase e a gañadora que saia na revista escolar. Cal será a que máis gustará?... Nós xa che propoñemos unha:



*Á unha, sae a Lúa,
ás dúas, sae o Sol,
ás tres, ti ben o ves,
ás catro, non sei canto,
ás cinco, de viño branco faise tinto,
ás seis, cantan os reis,
ás sete, tira Pepe
e de sete para riba, tira Pepe tira,
ás oito, de pan de trigo faise biscoito,
ás nove, non casa a muller sen o home,
ás dez, non vai a cabra para o monte sen pés,
ás once, pasa o río por debaixo da ponte,
ás doce, non hai porco que non foce,
ás trece non hai crego que non rece,
ás catorce, ti retorce.*

9.8.7. O retorno dos emigrantes de Vedra, das súas familias e descendentes.

1. Buscamos no dicionario a palabra *retorno* e logo escribimos con ela dúas oracións no noso caderno.



2. Imos investigar! Preguntamos entre os coñecidos se saben de alguén que sexa un emigrante retornado. Tomamos nota dos datos que nos dan del no noso caderno e logo facemos unha posta en común na aula. Trataremos que o protagonista da historia máis interesante veña á escola a relatar en primeira persoa as súas vivencias na emigración.

3. Suxerímosche unha actividade moi creativa para os nenos: a invención dunha pequena historia na que se conte o retorno dun emigrante de Vedra dende Arxentina.

4. Pídelle aos nenos que debuxen en forma de cómic e logo que coloreen a historia de retorno que acaban de inventar.



10. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA 5º E 6º DE PRIMARIA

10.1. Introducción

Tentamos nas seguintes páxinas facilitarlle ao educador/a a tarefa de achegar aos alumnos/as o fenómeno da emigración de Vedra á América. E para iso preséntanse actividades moi diversas, adecuadas tanto á idade dos destinatarios como aos seus coñecementos.

A emigración en Vedra é unha proposta didáctica que está dirixida aos nenos que se atopan cursando 5º e 6º de primaria.

10.2. Obxectivos

- Obxectivo xeral:
 - a) Preténdese que o alumnado de 5º e 6º de primaria se aproxime ao fenómeno migratorio en xeral, e en particular, á emigración do municipio de Vedra cara América.
- Obxectivos específicos:
 - a) Descubrir a riqueza do municipio no que vivimos.
 - b) Ampliar vocabulario relacionado co tema.
 - c) Familiarizarse cos movementos migratorios do século XX.
 - d) Tomar conciencia dos fenómenos sociais da emigración e da inmigración.
 - e) Motivar cara o coñecemento doutras culturas.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

10.3. Contidos

BLOQUES DE CONTIDOS	CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES
A emigración fenómeno universal e intemporal	- O fenómeno da emigración - Emigración galega e Vedresa	-Identificación da emigración como feito histórico -Comprensión do fenómeno da emigración	-Reflexión da evolución histórica -Apreciación dos acontecementos do pasado
A emigración en Vedra durante os séculos XIX e XX	- Os emigrantes - As circunstancias	-Localización xeográfica -Uso de cronoloxías para maior comprensión	-Respecto polo patrimonio do presente e do pasado -Comprensión dos feitos
Causas da emigración no concello de Vedra	-Causas favorables. -Causas desfavorables	-Análise das causas -Lectura e interpretación de datos	-Relativizar os resultados obtidos na investigación histórica -Interese por coñecer as causas
A chegada a América e a fundación das sociedades de emigrantes	-A chegada ás cidades americanas -As sociedades de emigrantes en Arxentina	-Comprensión dos trazos destacables do aspecto das sociedades en América -Valoración crítica da información	-Concienciación de pertenza a un pobo e a unha cultura propia -Responsabilidade pola conservación das testemuñas históricas
Os emigrantes no país de acollida. Vedra na Arxentina	-A actuación colectiva na Arxentina -Adaptación	-Recompilación dos costumes e das accións de persoas e colectivos -Indagación de valores e normas de comportamento	-Fomento do compromiso activo -Conciencia de diversidade cultural
Consecuencias da emigración no concello de Vedra	-Consecuencias positivas. -Consecuencias negativas	-Comprensión da multiplicidade de consecuencias do fenómeno emigratorio - Reflexión sobre as actitudes persoais que poden influír nun acontecemento histórico	-Interese por coñecer as consecuencias do fenómeno migratorio -Motivación por aprender dos erros
O retorno dos emigrantes de Vedra, das súas familias e descendentes	-Crise en América -Emigración de retorno	-Rexeitamento de actitudes discriminatorias -Adoptar unha actitude crítica ante os acontecementos e as situacións da sociedade actual	-Actitude tolerante e antidogmática -Rexeitamento de formas de pensar e prácticas discriminatorias

Hai que salientar que a proposta didáctica está enfocada para que os alumnos adopten unha postura crítica ante as distintas interpretacións dos acontecementos e procesos históricos. Así mesmo favorécese o desenvolvemento de posturas antidogmáticas e tolerantes cara outras formas de vida e de pensar distintas á propia. Outro importante ámbito de desenvolvemento de actitudes está constituído pola sensibilización ante os problemas sociais e a defensa dos dereitos humanos.

A referencia continua ao contorno e á realidade do alumno/a, e ao presente histórico, social, económico e cultural que coñece, favorece a comprensión das causas que determinan os feitos que ocorren ao seu redor e fomenta o interese, a sensibilidade, e as actitudes solidarias e de compromiso cara os grandes problemas de España, de Galicia, e do concello de Vedra en particular.

10.4. Metodoloxía

Os principios metodolóxicos que inspiran esta proposta didáctica teñen como obxectivo final a consecución dunha aprendizaxe reflexiva e significativa, adaptada ao nivel de desenvolvemento e coñecemento propios do alumnado de 5º e 6º de primaria. Un factor fundamental será a motivación, xa que debemos procurar a curiosidade e interese do alumnado, o que posibilitaría que realizase aprendizaxes significativas por si mesmos *aprender a aprender*. E para iso, na maioría das ocasións potenciarase o traballo cooperativo, en pequenos grupos ou con toda a clase, co fin de favorecer o debate como vehículo de enriquecemento e intercambio de opinións e, fomentar a adquisición de valores e a adopción dunha postura crítica e reflexiva á hora de analizar e formar as súas opinións e argumentos sobre a realidade que os rodea.

10.5. Temporalización

Preténdese que esta proposta didáctica sexa flexible, e que os docentes poidan adaptala ás súas necesidades, por iso os apartados que conforman o proxecto poden ser tratados dun xeito independente, aínda que tamén poden ser traballados de xeito secuencial, xa que se complementan. Moitas destas actividades realizaranse fóra do horario escolar.

10.6. Recursos

— RECURSOS ESPACIAIS

As diversidade de actividades supón que os escenarios onde se vaian a levar a diante sexan tamén varios. Así, a aula; o edificio escolar; o patio de recreo; a horta da escola; o

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

fogar do alumnado; a aldea ou a parroquia; a estación de tren de Osebe en Calo, Teo; ou a Biblioteca de Vedra, serán os lugares nos que se desenvolverán as distintas propostas.

– RECURSOS HUMANOS

Precísase para levar a cabo a proposta de actividades: un mestre/a que explicará os contidos; o alumnado, que desenvolverá as propostas; as familias destes; os seus veciños; e o bibliotecario da Biblioteca Municipal de Vedra que axudarán coas súas respostas a resolver as actividades.

– RECURSOS MATERIAIS

- Non funxibles
 - Ordenador
 - Fotocopiadora
 - Fotografías
 - Libros
 - Revistas de emigrantes
- Funxibles
 - Cadernos
 - Cores
 - Cartolinas
 - Papel
 - Xoguetes artesanais
 - Bolígrafos
 - Lapis
 - Gomas

10.7. Avaliación

A avaliación desenvolverase dende o inicio das actividades, xa que estas proporcionan información sobre o grao de interiorización dos contidos que vai adquirindo o alumnado. Será fundamental a participación, o interese e motivación dos alumnos na realización da proposta didáctica, e poderemos avaliála a través da observación dunha boa actitude cara os compañeiros e as súas opinións; da participación nos traballos en grupo; do grao de implicación no desenvolvemento da actividade; etcétera. Así mesmo, as tarefas realizadas nos cadernos tamén son outro recurso que podemos utilizar para levar a cabo a avaliación. Todos estes datos poden ser recollidos polo mestre/mestra nun diario.

Todas estas cuestións corresponden á avaliación continua, pero antes de iniciar a proposta didáctica farase unha avaliación inicial para coñecer a información que teñen os alumnos sobre o tema, para iso farase unha serie de preguntas aos alumnos como poden ser:

- *Que é a emigración?*
- *Cara ónde se emigraba?*
- *Por qué se emigraba?*
- *Coñeces algún emigrante?*
- *Etc.*

Ao concluír a proposta didáctica faranse de novo as mesmas preguntas para observar os coñecementos adquiridos, será a avaliación final.

10.8. Actividades

Lembramos o carácter orientador das actividades que a continuación se propoñen. Polo tanto, estas son susceptibles de ser modificadas nos termos que o profesorado estime, ou de ser seleccionadas en función do seu interese para cada grupo. Consideramos que as propostas poden suscitar a elaboración de novas actividades por parte dos docentes tendo en conta as características do alumnado.

10.8.1. A emigración, fenómeno universal e intemporal

1. Ímonos fixar no escudo de Vedra! que todos os nenos participen nun mural onde se debuxará e pintará o escudo para despois expolo na clase. Que tamén pregunten na casa se saben descifrar os símbolos heráldicos, buscándolle posteriormente relación cos monumentos que hai no municipio. Logo farase unha posta en común na clase. Cantos conseguirán acertar?

Explicación para os mestres: o 23 de setembro de 1996 foi publicado no D.O.G. o decreto 343/1996 polo que se aprobou o escudo do concello de Vedra. Na súa explicación dise que as armas deste Municipio inclúen, como motivo central, unha alusión ao topónimo da súa denominación -vía vétera ou camiño antigo- por medio do pau heráldico, que neste caso se carga de doce vieiras en recordo das parroquias que o conforman e da súa tradicional vinculación coas rutas xacobeas. Con carácter complementario incorpóranse os dous dragóns enfrontados que nas súas armas traían os Ibáñez de Mondragón, unha das liñaxes de maior relevancia e de máis profunda pegada no pasado destas terras.



PROPOSTA DE ACTIVIDADES


2. Unha boa maneira de coñecer como era Vedra hai anos é que os alumnos pregunten entre a súa familia e os seus veciños se teñen fotos antigas do concello, tomando datos dos lugares retratados e da época á que pertencen. Seguro que conseguen un bo número de fotografías moi belas, por iso poderíase facer unha exposición no centro con copias das mesmas. Un exemplo disto é a seguinte fotografía de Ponte Ulla no ano 1950.



3. Iremos buscar información sobre algún persoeiro histórico que nacera en Vedra ou que fose importante para o noso concello.

Para iso que o alumnado pregunte á súa familia, aos veciños, que pescude en libros, en internet, etcétera.

Por exemplo: *Luís Marcelino Pereira, quen naceu o 26 de abril de 1754 en Santo André de Illobre. Foi un auténtico ilustrado que tivo de profesión a de avogado, e que no 1781 fundou en Madrid o xornal El Censor, un periódico semanal editado entre os anos 1781 e 1787, que é considerado un dos xornais españois máis importantes do século XVIII. Era unha especie de pequena enciclopedia popular que procuraba instruír deleitando, e inculcando as súas avanzadas ideas.*



4. A emigración tivo para Vedra en particular e para Galicia en xeral, consecuencias negativas e positivas, tales como a perda de poboación e a chegada de cartos e ideas novas respectivamente. En relación a isto sería interesante separar ao alumnado en dous grupos: uns reflexionarían sobre os aspectos negativos da emigración e os outros sobre as cuestións positivas. Seguidamente exporíanse as conclusións no encerado e iniciaría-se un debate na aula.

10.8.2. A emigración en Vedra durante os séculos XIX e XX: Os emigrantes, os destinos e os transportes

1. Para que o alumnado coñeza ben a xeografía do seu municipio propoñémosche que debuxen e coloreen dous murais para expor despois na aula: un de Galicia sinalando onde está Vedra, e o outro o mapa do concello situando as diferentes parroquias que o compoñen.

Por exemplo:



A estación de Osebe, Calo, en Teo, na actualidade

2. A estación de Osebe, na parroquia de Calo do concello de Teo, foi un dos lugares dende os que máis emigrantes de Vedra marcharon. Que os nenos pregunten aos veciños se a coñecen, cómo é, etcétera. Que a debuxen segundo o que lle conten. E cunha visita na que os leven os seus pais, que comprobem se acertaron.

3. Le en voz alta este texto no que se relata a marcha dun emigrante de Vedra a Bos Aires. Pídelle logo aos nenos que fagan un debuxo no seu caderno co que acaban de escoitar.

Un exemplo representativo de Vedra da emigración transoceánica realizada nun buque de vela é a reconstrución feita a partires do relato de Ramiro Álvarez, neto de Manuel Álvarez Pérez, o protagonista da odisea que mostra o que moitos tiveron que sufrir para poder

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

chegar a terras americanas. Así, nárrasenos como Ramiro Álvarez oíulle contar moitas veces ao seu avó Manuel que marchara para Bos Aires na casca dunha noz, o cualificativo que lle merecía o barco de vela no que embarcara no porto de Vilagarcía. Nacera no ano 1866 na aldea do Burgo, na parroquia de Vedra e marchou para Bos Aires con dezoito anos para evitar o servizo militar. Como todos os mozos desa idade, estaba suxeito á leva forzosa para servir no exército e, polo tanto, non podía abandonar o país legalmente, por iso *embarcou pola alta*, expresión empregada para referirse aos embarques clandestinos nos barcos que se dirixían cara América. Facíase despois de que o barco abandonase os peiraos do porto para evitar os controis das autoridades portuarias e aduaneiras.



A travesía recordábaa Manuel, xa de vello, como moi dura e perigosa. Ían amoreados na cuberta do barco sen uns mínimos de hixiene e os mareos dos embarcados eran constantes. Tiñan que soportar as inclemencias atmosféricas sen ningunha protección. O tempo que se tardaba en cruzar o Atlántico nos barcos de vela era moi variable, dende vinte días ata mesmo dous meses. O certo é que no ano 1885 xa estaba en Bos Aires.

4. Para coñecer o fenómeno da emigración en Vedra suxerímosche unha serie de preguntas para que os alumnos as apunten no seu caderno e llelas poidan realizar á súa familia tomando nota das respostas, para despois xa na clase, facer unha posta en común reflexionando sobre os resultados obtidos.

Preguntas que os alumnos poden facer na súa familia:

- Cantos familiares de Vedra emigraron a América?
- Quen son?
- En que país do continente americano se atopan?
- Cando emigraron?
- A que idade?
- Por que migraron?
- Volveron a Vedra algunha vez? Foi de visita ou para quedarse?

10.8.3. As causas da emigración no concello de Vedra

1. Saímos da aula! Unha das causas que levou a emigrar foron os problemas no eido agrícola, un sector fundamental para a subsistencia dos veciños de Vedra. Por iso

propoñemos unha actividade no tempo que dura unha clase, na que facemos unha saída da aula á horta da escola para observar os cultivos que están plantados, tomando nota das diferentes hortalizas cultivadas e comentando os coidados que precisan para que non murchen.



2. Se antes observamos a vexetación, agora centrarémonos na fauna. Cada alumno fará un listado con todos os animais que hai na súa aldea. Gañará o que teña máis.

3. Imos coñecer como se vivía en Vedra hai anos! e para conseguilo o mellor é que os cativos lles pidan aos avós e veciños de máis idade da aldea, que lles conten como vivían cando eran novos. Tomarase nota no caderno e logo farase unha posta en común na clase. Preguntarase o seguinte:

- *Onde vivían?*
- *Como era a casa? Descrición do edificio no interior (cantos cuartos tiña, se había baño, como era a cociña, etcétera).*
- *Cantos vivían nesa casa?*
- *Que comían?*



Fotografías antigas onde se reflexa a realidade cotiá dos vedreses: a vestimenta, as ocupacións, a arquitectura popular, etcétera.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

4. A que xogaba meu avó de cativo? Aproveitando que os alumnos están a interesarse pola época na que seus avós eran nenos coma eles, van preguntarlle polos xogos populares cos que se entretiñan. Que lles presten moita atención, porque logo dedicaremos dúas horas no patio da escola a por en práctica todos estes xogos. E se algún dos rapaces pode, tamén sería moi interesante que trouxeran ata o centro escolar algún xoguete artesanal a modo de exemplo dos que utilizaban os seus maiores.



Os zancos e o aro con guiador eran utilizados polos nosos avós para xogar

10.8.4. A chegada a América e a fundación das Sociedades de Emigrantes

1. A maioría dos emigrantes de Vedra, e de Galicia en xeral, cambiaron a paisaxe rural pola urbana ao emigrar ás grandes cidades, fundamentalmente cara Bos Aires. Estas fotografías representan estes cambios. Fotocopia as imaxes e que cada alumno escriba no seu caderno as diferenzas que percibe entre elas.



Vedra



Bos Aires

2. Imos a xogar a Pasapalabra! Dividiremos a clase en dous grupos e o mestre/a fará de presentador/a lendo as definicións das palabras que teñen que ver coa emigración e as sociedades de emigrantes, e que teñen que adiviñar os dous grupos. Quen acerte máis palabras gaña!

Comeza por A, continente cara onde marcharon moitos emigrantes de Vedra. (América)

Comeza por B, nome do medio de transporte utilizado polos emigrantes para cruzar o Atlántico. (Barco)

Comeza por C, illa antillana na que están emigrados moitos habitantes de Vedra. (Cuba)

- Comeza por D, sentimento que se ten ao deixar as persoas que se quere. (*Dor*)
- Comeza por E, acción de marchar do lugar onde habita un por cuestións económicas. (*Emigrar*)
- Comeza por F, federación de Vedra en América. (*Federación do distrito Municipal de Vedra*)
- Contén o G, completa o nome da Sociedade Mutua e Auxiliar do municipio de Vedra. (*De Agricultores*)
- Contén o H, sentimento de pena que causa unha reacción física no corpo humano. (*Chorar*)
- Contén o I, sociedade de Vedra en Bos Aires que leva o nome dunha parroquia do municipio e que se preocupaba polo progreso. (*O Progreso de San Andrés de Illobre*)
- Contén o L, nome dunha parroquia de Vedra. A súa sociedade en América denominábase Sociedad Nueva Era. (*Vilanova*)
- Comeza por M, tipo de asistencia que realizaban as sociedades galegas en América. (*Mutual*)
- Contén o N, sociedade de Vedra en Bos Aires que se centraba na xuventude. (*Juventud de San Julián de Sales*)
- Contén o Ñ, sentimento que se atribúe aos que emigran. (*Morriña*)
- Contén o O, que é a primeira vogal e a última, e fai referencia ao emprego no que traballaban emigrantes de Vedra en América. O lugar de traballo é a cociña. (*Cociñeiro*)
- Comeza por P, construcións feitas polos emigrantes de Vedra para mellorar os pasos sobre os ríos. (*Pontes*)
- Comeza por Q, bebida característica de Galicia resultante de queimar augardente con azucre. (*Queimada*)
- Comeza por R, no que queren converterse moitos humanos, por iso emigran. (*Ricos*)
- Comeza por S, institucións microterritoriais ou macroterritoriais creadas polos emigrantes nos países aos que se marcharon para así poder relacionarse con xente da súa terra. (*Sociedades*)
- Comeza por T, o que buscan os emigrados ao chegar ao país de destino. (*Traballo*)
- Contén o U, correspondente a un lugar de Vedra para o que se creou unha comisión para levar a cabo a construción dunhas escolas. (*Ponte Ulla*)
- Comeza por V, concello que celebra no 2010 o centenario da creación de dúas sociedades americanas aínda existentes na actualidade. (*Vedra*)
- Contén o X, parroquia de Vedra que tiña unha sociedade de emigrantes en Arxentina. (*San Xián de Sales*)
- Comeza por Z, emprego no que se ocupaban moitos homes de Vedra en América. (*Zapateiro*)

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

3. Que os alumnos se informen se na súa parroquia había algunha sociedade americana de emigrantes, de ser o caso que indique:

- Nome
- Ano de creación
- Cando deixou de existir
- Que actuacións levou a cabo

4. Agora que xa coñecemos as sociedades de Vedra na Arxentina, e que cousas crearon, os alumnos van xogar á *caza do tesouro*! O escenario van a ser as construcións indianas que máis preto se atopen do colexio público, e o tempo empregado catro horas, dúas para cada grupo. Os nenos da aula dividiranse en dous grupos: un que elabora o xogo (fai as pistas e o plano dos lugares nos que se vai a xogar) e, o outro que caza o tesouro. Despois cambiarán os roles. Gañará o que máis pistas atope en menos tempo.

Cazas



10.8.5. Os emigrantes no país de acollida. Vedra na Arxentina

1. Na seguinte sopa de letras atópanse nove profesións desempeñadas polos de Vedra en Arxentina: cociñeiro, camareira, zapateiro, modista, xastre, neneira, chofer, dependente, panadeiro. Fai unha fotocopia para que os nenos poidan atopar os oficios.


C	H	O	F	E	R	R	I	S	D
O	A	C	E	M	I	O	V	A	E
C	M	M	Z	U	O	N	O	N	T
I	M	N	A	T	R	M	R	E	N
Ñ	U	A	P	R	I	O	A	N	E
E	E	S	A	T	E	D	P	E	D
I	L	C	T	U	D	I	E	I	N
R	S	U	E	L	A	S	R	R	E
O	A	M	I	G	N	T	T	A	P
S	E	L	R	N	A	A	S	R	E
R	R	A	O	E	P	B	A	E	D
I	S	V	I	O	L	E	X	O	A

2. Emigrar supuña en moitas ocasións cambiar a típica vestimenta que se utilizaba nas aldeas, ou polo menos mellorar na calidade desta. Que os alumnos busquen imaxes en fotografías antigas e pregunten á xente como vestían os indianos, se o facían diferente ou non ao resto dos habitantes de Vedra. Na aula farase unha posta en común.



Emigrante de Vedra aloumiñando un burro, mentres que tres cativos observan a escena. As diferenzas no vestiario neste caso son salientables

3. Visitamos a Biblioteca Municipal de Vedra, na que nos explicarán o material enviado polos emigrados en América e que se conserva alí. Nesta ocasión imos a traballar en concreto cunha revista de emigrantes. Que cada alumno colla un número de *Unión de Teo y Vedra* e faga unha escolla da noticia que máis curiosa lle pareza, escribíndoa logo no caderno. Xa na aula, lédea en alto, e seleccionade a noticia máis sorprendente de todas as expostas.



Portada da revista *Unión de Teo y Vedra*

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

4. Fai unha copia desta imaxe e repártea entre cada alumno da aula para que observen a escena e atopa os catro erros que hai na imaxe:



Imaxe dunha festa de emigrantes

- Onde está unha trompeta debería estar un bombo
- Onde están unhas castañas debería estar unha pandeireta
- Onde está un cacto debería estar un centro de flores
- Onde está o mozo que leva unha gravata de lazo (o nº 4 da fila) debería estar unha gravata.

10.8.6. Vedra, un concello marcado pola emigración. As consecuencias

1. Propoñémosche que dites aos alumnos este texto que está relacionado cun dos aportes máis importantes que recibiu Vedra da emigración, a creación das escolas indianas. Logo que pescuden pola súa parroquia ou nas veciñas, preguntando aos avós e aos veciños de maior idade se coñecen a existencia dalgunha. Que a vaian visitar cos seus avós para que despois poidan debuxala debaixo do ditado, poñéndolle o nome e quen a mandou construír.

Durante os séculos XIX e XX, produciuse unha masiva emigración de galegos ás Américas na procura dunha mellor vida para eles e as súas familias. Dende alén mar, e unha vez consolidadas certas fortunas, enviaron cartas a Galicia para invertir en educación.

Construíronse varias escolas que tamén se denominaban Escolas de Indianos, debido a que perduraba a idea de que as Américas eran as Indias, tal e como pensaba Cristóbal Colón ao iniciar a súa viaxe transoceánica.




Retrato de Cristóbal Colón

2. As escolas de indianos, ao igual que as escolas construídas con recursos do Estado eran diferentes ás que hai hoxe. Tanto o mobiliario escolar, coma os libros, coma as materias que impartían os profesores, eran distintos aos actuais. E para resolver esta curiosidade os alumnos preguntaranlle aos avós e persoas achegadas de maior idade como era a súa escola, e que facían nela. Despois de tomar nota no caderno farase unha posta en común na aula para que todos coñezamos que cambios houbo.



Fotografía actual do espazo *escolas chegadas de alén mar*.
Exposición permanente no Museo Pedagóxico de Galicia
(MUPEGA)

Fotocopia este encrucillado onde os alumnos poderán atopar sete palabras que teñen relación cos investimentos feitos polos emigrantes de Vedra en Bos Aires. As respostas son:
1.- cemiterio; 2.- edificios; 3.- libros; 4.- premio; 5.- reloxo; 6.- sementes; 7.- pontes



PROPOSTA DE ACTIVIDADES

1. *Terreo xeralmente cercado destinado a enterrar cadáveres.*
2. *Construcións fixas feitas con materiais resistentes, para habitación humana ou para outros usos.*
3. *Conxunto de moitas follas de papel ou outro material semellante que, encadernadas, forman volumes.*
4. *Recompensa, galardón ou remuneración que se dá por algún mérito ou servizo.*
5. *Máquina dotada de movemento uniforme, que serve para medir o tempo ou dividir o día en horas, minutos e segundos.*
6. *Graos que en diversas formas producen as plantas e que ao caer ou ser sementados producen novas plantas da mesma especie.*
7. *Construcións de pedra, ladrillo, madeira, etcétera., que se constrúen sobre os ríos, fosos e outros sitios, para poder pasalos.*

4. Pídelle aos alumnos que investiguen sobre os investimentos dos emigrados en América na súa parroquia. Que pregunten á familia e veciños que edificios, estradas, pontes, etcétera., foron construídos con estes aportes. Que tomen nota para despois facer unha posta en común na aula.

10.8.7. O retorno dos emigrantes de Vedra, das súas familias e descendentes

1. Algúns dos emigrantes que marcharon retornaron a Vedra para pasar a súa vellez, outros non volveron, pero si o farían os seus fillos ou netos. Que os alumnos investiguen na súa zona se hai ou houbo algún emigrante retornado e que tome nota dos seguintes datos:

- *En que ano emigrou e por que*
- *Onde estivo emigrado*
- *En que ano regresou e por que*
- *Como o trataban na emigración*

2. Escribe unha pequena historia onde se relate o retorno dun emigrado de Vedra en Bos Aires e as súas vivencias para chegar de novo ao seu fogar despois de estar anos fóra.

3. Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 1837 - Padrón, 15 de xullo de 1885) foi unha poetisa e novelista galega que escribiu tanto en castelán coma en galego. É a figura central do *Rexurdimento* da literatura galega no século XIX, autora de *Cantares gallegos* (1863), obra fundacional do mesmo ao ser un dos primeiros libros enteiramente escrito en galego da idade contemporánea. Dentro desta obra atópase un

poema que fala da emigración, *Adiós ríos, adiós fontes*. Que cada neno aprenda unha liña para despois poder recitalo na clase entre todos.

*Adios, ríos; adios, fontes;
adios, regatos pequenos;
adios, vista dos meus ollos;
non sei cando nos veremos.*

*Miña terra, miña terra,
terra donde me eu criei,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei,
prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores,
casiña do meu contento,
muíño dos castañares,
noites craras de luar,
campaniñas trimbadoras,
da igrexiña do lugar,*

*amoriñas das silveiras
que eu lle daba ó meu amor,
camiñiños antre o millo,
¡adios, para sempre adios!*

*¡Adios gloria! ¡Adios contento!
¡Deixo a casa onde nacín,
deixo a aldea que conozo
por un mundo que non vin!*

*Deixo amigos por estraños,
deixo a veiga polo mar,
deixo, en fin, canto ben quero...
¡Quen pudiera non deixar!...*

.....



Estatua de Rosalía de Castro no Parque da Alameda de Santiago de Compostela

4. Que os alumnos fagan un debuxo do que se imaxinan escoitando a poesía anterior.

11. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA 1º E 2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

11.1. Introducción

Tentamos nas seguintes páxinas facilitarlle ao educador/ra a tarefa de achegar aos alumnos/as ao fenómeno da emigración de Vedra á América. E para iso preséntanse actividades moi diversas, adecuadas tanto á idade dos destinatarios como aos seus coñecementos.

A emigración en Vedra é unha proposta didáctica que está dirixida aos nenos que se atopan cursando 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria

11.2. Obxectivos

- Obxectivo xeral:
 - a) Preténdese que o alumnado de 1º e 2º da E.S.O. se aproxime ao fenómeno migratorio en xeral e, en particular, á emigración do municipio de Vedra cara América.
- Obxectivos específicos:
 - a) Fomentar o estudo histórico de Vedra.
 - b) Familiarizarse cos movementos migratorios do século XX.
 - c) Comprender os motivos polos que os emigrantes abandonan temporal ou definitivamente o seu país.
 - d) Tomar conciencia dos fenómenos sociais da emigración e inmigración.
 - e) Motivar cara o coñecemento doutras culturas.

11.3. Contidos

BLOQUES DE CONTIDOS	CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES
A emigración fenómeno universal e intemporal	- O fenómeno da emigración - Emigración galega e vedresa	-Identificación da emigración como feito histórico -Comprensión do fenómeno da emigración	-Reflexión da evolución histórica -Apreciación dos acontecementos do pasado
A emigración en Vedra durante os séculos XIX e XX	- Os emigrantes - As circunstancias	-Localización xeográfica -Uso de cronoloxías para maior comprensión	-Respecto polo patrimonio do presente e do pasado -Comprensión dos feitos
Causas da emigración no concello de Vedra	-Causas favorables -Causas desfavorables	-Análise das causas -Lectura e interpretación de datos	-Relativización dos resultados obtidos na investigación histórica -Interese por coñecer as causas
A chegada a América e a fundación das sociedades de emigrantes	-A chegada ás cidades americanas -As sociedades de emigrantes na Arxentina	-Comprensión dos trazos destacables do fenómeno das sociedades en América -Valoración crítica da información	-Concienciación de pertenza a un pobo e a unha cultura propia -Responsabilidade pola conservación das testemuñas histórica
Os emigrantes no país de acollida, Vedra na Arxentina	-A actuación colectiva na Arxentina -Adaptación	-Recompilación dos costumes e das accións de persoas e colectivos -Indagación de valores e normas de comportamento	-Fomento do compromiso activo -Conciencia de diversidade cultural
Consecuencias da emigración no concello de Vedra	-Consecuencias positivas -Consecuencias negativas	-Comprensión da multiplicidade de consecuencias do fenómeno migratorio - Reflexión sobre as actitudes persoais que poden influír nun acontecemento histórico	-Interese por coñecer as consecuencias do fenómeno migratorio -Motivación por aprender dos erros
O retorno dos emigrantes de Vedra, das súas familias e descendentes	-Crise en América -Emigración de retorno	-Rexeitamento de actitudes discriminatorias -Adoptar unha actitude crítica ante os acontecementos e as situacións da sociedade actual	-Actitude tolerante e antidogmática -Rexeitamento de formas de pensar e prácticas discriminatorias

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Hai que salientar que a proposta didáctica está enfocada para que o alumnado adopte unha postura crítica ante as distintas interpretacións dos acontecementos e procesos históricos. Así mesmo, favorécese o desenvolvemento de posturas antidogmáticas e tolerantes cara outras formas de vida e de pensar distintas á propia. Outro importante ámbito de desenvolvemento das actitudes está constituído pola sensibilización ante os problemas sociais e a defensa dos dereitos humanos.

A referencia continua á contorna, á realidade do alumno/a, e ao presente histórico, social, económico e cultural que coñece, favorece a comprensión das causas que determinan os feitos que ocorren ao seu redor e fomenta o interese, a sensibilidade, as actitudes solidarias e, de compromiso cara os grandes problemas de España, de Galicia, e do concello de Vedra en particular.

11.4. Metodoloxía

Os principios metodolóxicos que inspiran esta proposta didáctica teñen como obxectivo final a consecución dunha aprendizaxe reflexiva e significativa, adaptada ao nivel de desenvolvemento e coñecemento propios do alumnado de 1º e 2º da E.S.O. Un factor fundamental será a motivación, xa que debemos procurar a curiosidade e interese do alumnado, o que posibilitaría que realizase aprendizaxes significativos por si mesmos *aprender a aprender*. E para iso, na maioría das ocasións potenciarase o traballo cooperativo, en pequenos grupos ou con toda a clase, co fin de favorecer o debate como vehículo de enriquecemento e intercambio de opinións, e fomentar a adquisición de valores e a adopción dunha postura crítica e reflexiva á hora de analizar e formar as súas opinións e argumentos sobre a realidade que os rodea.

11.5. Temporalización

Preténdese que esta proposta didáctica sexa flexible, e que os docentes poidan adaptala ás súas necesidades, por iso os apartados que conforman o proxecto poden ser tratados dun xeito independente, aínda que tamén poden ser traballados de xeito secuencial, xa que se complementan. Moitas destas actividades realizaranse fóra do horario escolar.

11.6. Recursos

– RECURSOS ESPACIAIS

A diversidade de actividades implica que os escenarios onde se vaian a levar adiante sexan tamén variados. Así, a aula; o edificio escolar; o Arquivo Municipal; e a Biblioteca Municipal de Vedra serán os lugares nos que se desenvolverán as distintas propostas.

– *RECURSOS HUMANOS*

Precísase para levar a cabo a proposta de actividades: un mestre/a que explicará os contidos; o alumnado, que desenvolverá as propostas; as familias; os seus veciños; o/a arquiteiro/a; o bibliotecario municipal; e un inmigrante que axudarán coas súas respostas a resolver as actividades.

– *RECURSOS MATERIAIS*

- Non funxibles
 - Encerado
 - Fotocopiadora de cor
 - Ordenador
 - Libros
 - Publicacións periódicas da emigración
 - Fotografías
- Funxibles
 - Cadernos
 - Cores
 - Xornais diarios
 - Internet
 - Revista escolar do centro
 - Papel
 - Cartolinas
 - Bolígrafos
 - Lapis
 - Gomas
 - Xiz

11.7. Avaliación

A avaliación desenvolverase dende o inicio das actividades, xa que estas proporcionan información sobre o grao de interiorización dos contidos que vai adquirindo o alumnado. Será fundamental a participación, o interese e motivación dos alumnos na realización da proposta didáctica, e poderemos avaliála a través da observación dun bo comportamento, do respecto cara os compañeiros e as súas opinións; da cooperación nos traballos en grupo; do grao de implicación no desenvolvemento da actividade; etcétera. Así mesmo, as tarefas realizadas nos cadernos tamén son outro recurso que podemos uti-

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

lizar para levar a cabo a avaliación. Todos estes datos poden ser recollidos polo mestre/ mestra nun diario.

Todas estas cuestións corresponden á avaliación continua, pero antes de iniciar a proposta didáctica farase unha avaliación inicial para coñecer a información que teñen os alumnos sobre o tema, para iso farase unha serie de preguntas aos alumnos como poden ser:

- *Que é a emigración?*
- *Cara onde se emigraba?*
- *Por que emigraban?*
- *Coñeces algún emigrante?*
- *Etc.*

Ao concluír a proposta didáctica faranse de novo as mesmas preguntas para observar os coñecementos adquiridos, será a avaliación final.

11.8. Actividades

Lembramos o carácter orientador das actividades que a continuación se propoñen. Polo tanto, estas son susceptibles de ser modificadas nos termos que o profesorado estime, ou de ser seleccionadas en función do seu interese para cada grupo. Consideramos que as propostas poden suscitar a elaboración de novas actividades por parte dos docentes tendo en conta as características do alumnado.

11.8.1. A emigración, fenómeno universal e intemporal

1. Propoñémosche a realización dunha visita ao Arquivo Municipal de Vedra, no que os alumnos de primeira man poderán coñecer a través das explicacións do arquivista que é un arquivo municipal e para que serve. Inténtase pois, con esta actividade, poñer en valor o Arquivo, lugar onde se mantén a memoria colectiva da zona.

2. Enmarcado na visita ao Arquivo sería interesante que os alumnos tomasen nota da distinta documentación histórica que alí se garda, e que posteriormente analicen para que temas nos poderían aportar información ditos documentos, facendo logo unha posta en común na aula. Así, moitos padróns e censos de poboación,



O Arquivo Municipal de Vedra atópase na Casa do Concello

por exemplo, indican o número de emigrantes que ten o concello, e cara onde foron. Por iso son fontes moi importantes para o estudo para o tema da emigración.

3. Os documentos escritos non son a única fonte para o estudo da emigración, a fotografía tamén nos aporta datos sobre este tema. Por isto, animámoste a que xunto cos teus alumnos recompiledes fotografías de emigrantes de Vedra de distintas épocas, para logo facer unha exposición no centro educativo.

4. Parabéns pola exposición fotográfica!, será moi didáctico non só para os teus alumnos que a realizaron, senón para todos os alumnos que a poidan ver. E como complemento a este magnífico labor propoñémosche unha actividade na que os nenos terán que prestar toda a súa atención. En grupos de catro, deberán anotar as similitudes e diferenzas que perciben a través das imaxes da evolución da emigración: nos emigrantes, na vestimenta, nos medios de transporte, etcétera. Un exemplo serían as dúas fotografías que se presentan a continuación, todos emigrantes vedreses na Arxentina, pero uns no século XIX e outros do XX.



Exemplo dunha fotografía dun emigrante de Vedra



Emigrantes de Vedra do século XIX




Emigrantes de Vedra do século XX

PROPOSTA DE ACTIVIDADES


11.8.2. A emigración en Vedra durante os séculos XIX e XX: Os emigrantes, os destinos e os transportes

1. Os gráficos que se mostran a continuación foron realizados polos autores desta proposta didáctica tras pescudar os datos nos padróns e censos de poboación, a través dos que se pode ter información, aproximada sobre os emigrantes, como por exemplo, quen emigraba, con que idade, se estaba alfabetizado, etcétera. E comparando os datos en varios anos pódese coñecer a evolución nestes temas. E isto é precisamente o que che propoñemos nesta actividade, que fotocopies en cor os seguintes gráficos, e que os repartas entre os alumnos para que eles en grupos de dous, os analicen e fagan un comentario escrito da información que obteñan, para logo facer unha posta en común de toda a clase.


EMIGRACIÓN TOTAL POR SEXO



EMIGRACIÓN POR IDADE ENTRE AS DATAS 1898-1930



GRAO DE ALFABETIZACIÓN DOS EMIGRANES DE VEDRA



2. As fotografías que se expoñen a continuación son unha mostra da evolución dos medios de transporte utilizados para emigrar. Se ata mediados do século XX os emigrantes de Vedra en particular, e galegos e españois en xeral, emigraban cara América en barco, farano maioritariamente despois en avión. Estas mudanzas débense a varias causas que deben investigar os alumnos con todos os medios posibles ao seu alcance: libros, xornais, internet, entrevistas a persoas maiores, etcétera. Os resultados das súas pescudas que os apunten no seu caderno para despois facer unha posta en común na clase. Que intenten conseguir fotografías onde se reflicta o tema tratado.



1ª metade do séc. XX



2ª metade do séc. XX

3. Coas fotografías anteriores que os alumnos realicen unha exposición no corredor do centro, acompañada polo texto resultante das pescudas do exercicio anterior.

4. Imos ver quen conta a historia máis interesante! Pídelle aos alumnos que pregunten entre a familia e os veciños se coñecen a alguén que emigrase á Arxentina. Que tomen nota de todo o que lles conten para logo expolo na clase.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

11.8.3. As causas da emigración no concello de Vedra

1. Non todos os emigrantes tiñan a mesma situación económica, e iso percíbese moi ben, nas condicións e comodidades coas que se realizaba a viaxe cara o novo continente. Os emigrantes de primeira clase eran aqueles que viaxaban na mellor parte do barco, con restaurantes, luxosos camarotes, etcétera, mentres que os pasaxeiros de terceira clase ían todos amoreados en reducidos espazos, durmían e comían no mesmo lugar, non tiñan condicións hixiénicas, etcétera. En relación a isto, suxerímosche unha actividade onde hai que dividir a clase en dous grupos. Os alumnos dun grupo teñen que imaxinar que son emigrantes que van cara Arxentina en primeira clase e os do outro grupo que son emigrantes de terceira clase. Pensade nas razóns que vos levan a emigrar segundo o condicionante económico, e describide a travesía no barco ata a chegada ao porto arxentino, para logo facer unha posta en común.



Emigrante de clase media



Emigrante de clase alta

2. Para saber sobre a emigración no noso municipio é importante coñece-la súa historia, para iso, propoñémosche unha recollida bibliográfica, onde os alumnos a través de internet, dos libros da biblioteca de Vedra, etcétera, tomen nota das obras e autores que traballaron sobre o lugar. Conseguiremos logo algún deses libros e na clase traballaremos con eles para coñecer máis sobre Vedra.

3. Foron moitas as causas polas que emigraron os de Vedra, sendo as máis importantes recollidas no texto que está a continuación. Propoñémosche que o fotocopie e o repartas entre os alumnos, para que en parellas e despois de lelo atentamente, traten de responder ás preguntas que lles fagas pero sen mirar xa o texto.

A maioría dos emigrados do noso concello nunca iniciaría unha viaxe na que ían perder contacto cos seus por longos períodos de tempo ou para sempre, se non se deran unhas circunstancias de tipo económico, social e político que os empuxaran a iso sen case outra alternativa.

Así, no século XIX, producíronse dous feitos que marcarán negativamente o futuro económico de Vedra en particular, e de Galicia e a España en xeral. En primeiro lugar, a industria do liño deixa de ser competitiva e perde mercados fronte ás importacións de lenzos, o que supón exceso, de man de obra. Por outra banda, os viños da Ulla, que ata mediados do século XIX se defenderan relativamente ben da competencia cos viños do Ribeiro e cos procedentes de Cataluña, deixan tamén de ser atractivos. Ademais, varias enfermidades que afectaron ao viñado significaron o golpe definitivo co que se afundiou un dos piares da economía labrega en Vedra.

A implantación do servizo militar obrigatorio tamén tivo relación moi directa coa extensión do fenómeno migratorio na Galicia da época, de igual xeito que o fixo a excesiva carga tributaria soportada polas economías labregas. Tamén o sistema de herdanza predominante na zona da Ulla, coñecido como a mellora, no que un dos fillos herda a maior parte dos bens mobles e inmobles contribuíu notablemente á expulsión dos fillos segundos. E se a isto lle engadimos a non existencia de alternativas laborais pola escasa ou nula industrialización a consecuencia é que unha alta porcentaxe da poboación non se pode fixar ao territorio.

Tamén dende finais do XIX a emigración estíbese a converter nun negocio rendible para amplos sectores da poboación galega implicados no tráfico marítimo dos emigrados (bancos, prestamistas, hostaleiros, autoridades municipais e provinciais...) e iso, non cabe dúbida de que tamén facilitou este éxodo sen precedentes.

Parece claro, pois, que todos estes aspectos favoreceron a emigración masiva, primeiro cara Cádiz e despois a América, de moitos homes en idade de traballar e formar familia. As consecuencias do que co tempo se converteu nunha crise demográfica chegan ata os nosos días.

4. Pídelle aos alumnos que recorran en grupos de tres as súas aldeas preguntando aos veciños cara que lugares emigraron os habitantes de Vedra e que tomen nota. Logo facede unha posta en común e ide apuntando no encerado as respostas para ver cales son os lugares que máis se repiten, que será sen dúbidas, Arxentina.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

11.8.4. A chegada a América e a fundación das Sociedades de Emigrantes

1. Procura que os alumnos rastrexen a existencia dalgún persoeiro da zona que, dende América, desenvolvera un labor importante para o Concello de Vedra. Que tomen nota no seu caderno para despois na aula facer unha posta en común e lograr crear fichas biográficas con eses datos. Un exemplo da ficha sería o seguinte:

NOME:
APELIDOS:
DATA E LUGAR DE NACEMENTO:
DATA E LUGAR DE PASAMENTO:
DATAS E LUGARES DA EMIGRACIÓN:
DATAS E RETORNOS DA EMIGRACIÓN:
OCUPACIÓN PROFESIONAL EN VEDRA:
OCUPACIÓN PROFESIONAL NA EMIGRACIÓN:
ASOCIACIÓN DE EMIGRANTES DE VEDRA EN AMÉRICA Á QUE PERTENCEU:
LABOR IMPORTANTE QUE REALIZOU EN VEDRA:

2. Esta actividade axúdalles aos alumnos a voar coa súa imaxinación. Trátase de que escriban unha pequena historieta, de non máis de tres páxinas, na que relaten as primeiras vivencias dun vedrés tras chegar ao peirao de Bos Aires. Despois de lelas en voz alta, a que máis gustase na aula, podería ser enviada para publicar na revista escolar do centro.

3. Propoñémosche que os nenos recorran as diferentes parroquias investigando as sociedades de emigrantes: pregunta aos maiores se coñecen algunha destas e suxírelle que se fixen ben nos edificios antigos de cada aldea por se teñen algunha placa. Quizais aí teñan algunha pista, como na imaxe que se mostra, pertencente ao edificio social de San Xián. Que tomen nota dos datos obtidos para despois facer unha posta en común na aula.



Edificio da Sociedad Agrícola *Unión y Progreso de San Julián de Sales*

4. Na cidade de Bos Aires entre os anos de 1910 e 1930 prodúcese unha verdadeira eclosión de sociedades relacionadas co concello de Vedra a semellanza do que estaba a acontecer na capital porteña cos naturais doutras comarcas e municipios. Sería interesante que os alumnos buscasen información sobre os principais acontecementos históricos que suceden en Arxentina entre esas datas e así, comprender en que circunstancias vivían os seus veciños emigrados. Farase logo unha posta en común dos datos obtidos.

11.8.5. Os emigrantes no país de acollida. Vedra na Arxentina

1. Móstralle aos alumnos as dúas imaxes que van a continuación. Comentar entre toda a clase as diferenzas entre estes dous locais sociais creados por vedreses, e que reflexionen porque pensan que hai esas diferenzas:



Rúa José Mármol 760, sede da Sociedade Parroquial de Vedra en Bos Aires



Edificio da *Unión y Progreso de San Julián de Sales* en Vedra

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

2. Propoñémosche unha nova saída do centro. Neste caso é unha visita á Biblioteca Pública de Vedra, na que o bibliotecario vos ensinará e explicará os libros que alí teñen gardados do tema emigratorio, tomade nota das cousas máis interesantes. Xa na aula posta en común do aprendido e das cousas que máis sorprenderon.



Edificio onde se atopa a Biblioteca



Libros enviados dende América

3. Na Biblioteca Municipal de Vedra, tamén conservan as publicacións periódicas dos emigrantes, e en relación con isto propoñémosche unha actividade onde tes que dividir a clase en catro grupos, cada un deles ocuparase dunha das publicacións periódicas de Vedra na Arxentina: *Teo*, *Unión de Teo y Vedra*, *El Eco de Teo* e *Hércules*. Cada grupo realizará un mural no que se incluírán portadas, noticias interesantes ou curiosas, etcétera e, farase un comentario por escrito sobre as características de cada publicación. Estes murais expanse logo no centro educativo.

4. Solicítalle aos alumnos que busquen información en libros, internet, preguntando a familia, aos veciños, etcétera e logo que fagan unha comparativa entre as ocupacións laborais dos que vivían en Vedra antes da Guerra Civil, e os emigrados en América. As fotografías seguintes son unha boa mostra das tarefas ás que se dedicaban a cada lado do Atlántico.



11.8.6. Vedra, un concello marcado pola emigración. As consecuencias

1. As escolas de indianos foron un dos aportes máis importantes e visibles dos emigrados en América. Por isto, propónse que os alumnos investiguen percorrendo as diferentes parroquias do concello, preguntando á xente maior do lugar, mirando en libros, nas publicacións periódicas de emigrantes, internet, etcétera que escolas foron construídas, íntegras ou en parte, con cartos enviados de América. Que tomen nota de todos os datos que poidan recadar para logo facer unha posta en común na clase.

2. Despois de recadar toda a información sobre os edificios escolares ou socio-escolares, dos que os alumnos teñan coñecemento xa de cales son, propoñemos elaborar entre todos os nenos da aula un mapa das escolas de indianos do concello, sinalando os lugares onde están ou estaban situadas, e debuxando o exterior de cada edificio no lugar que lle corresponde no mapa.

3. Ademais das escolas de indianos, os emigrantes investiron cartos noutras moitas cousas. Unha nova tarefa de investigación encargada aos alumnos será a de que estes pregunten aos veciños de maior idade se os emigrantes investiron cartos nos seus lugares e en que cousas o fixeron. Deben tomar nota de todos os datos que lles aporten, e tamén do lugar no que se atopan tales investimentos. Farase logo unha posta en común na clase da información obtida e deseñarase un mapa do municipio indicando todas as construcións feitas.

4. Coa actividade anterior temos localizados xeograficamente os edificios, as pontes, os camiños, o cemiterio, etcétera., que foron construídos con recursos de América e que serviron para mellorar no seu momento o noso municipio. Por iso agora, o que propoñemos é unha excursión percorrendo todos estes lugares, para coñecelos de primeira man.

11.8.7. O retorno dos emigrantes de Vedra, das súas familias e descendentes

1. Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886 - Bos Aires-Arentina, 1950) foi un político, escritor, pintor, e debuxante galego así como un dos pais do nacionalismo galego. Os seus debuxos, complementados con agudos textos, mostran a Galicia rural, o caciquismo, os desamparados, os emigrantes, o pobo que sofre, etcétera, dende unha visión realista, crítica, pero humorística. Castelao é sen dúbida unha das persoas máis relevantes do século XX, por iso proponlle aos alumnos que busquen caricaturas do escritor e fai un mural con elas. Os temas da selección serán a emigración e a escola. Mostrámosche un exemplo:

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

– Non sei como non te avergoñas de ser o último da escola
– E que mais ten. O ensino e o mesmo en tódolos bancos



2. Propoñémosche a realización dun debate na aula no que se trate o seguinte tema: a emigración de Vedra a América foi algo positivo ou pola contra negativo para o noso municipio? Que os alumnos expoñan as súas opinións.

3. Unha actividade interesante para os alumnos sería aquela na que investigasen se onde viven hai persoas que retornaron da emigración. De ser o caso, que tomasen nota de onde estaban e cando viñeron, para logo facer unha posta en común na aula e analizar os datos que se repitan máis.



4. Sería moi instrutivo para os alumnos o encontro cunha persoa que se atope en Galicia inmigrada, e que comentase porque emigrou a Vedra, as súas vivencias aquí, como a tratan, etcétera.

12. BIBLIOGRAFÍA

- BOTANA IGLESIAS, Rocío: "La Sociedad Agraria de Luou y su apuesta por la educación". En CAGIAO VILA, Pilar; REY TRISTÁN, Eduardo (eds.): *De ida y vuelta. América y España: los caminos de la cultura. Simposio Internacional de la Asociación Española de Americanistas. Santiago de Compostela, 2 e 3 de Setembro de 2005. Centro Interdisciplinario de Estudios Americanistas "Gumersindo Busto"*. USC, Santiago de Compostela, 2007, pp. 403-410.
- BOTANA IGLESIAS, Rocío: *Teo e Vedra: os aportes no eido educativo dos seus emigrantes americanos no primeiro terzo do século XX*. Traballo de Investigación Titulado, USC, Santiago de Compostela, 2006. Inédito.
- CAGIAO VILA, Pilar: "Mujer y emigración en la historia contemporánea de Galicia: el caso americano (Cuba y el Río de la Plata)". En HERNÁNDEZ BORGE, Julio; GONZÁLEZ LOPO, Domingo L. (eds.): *Mujer y emigración : una perspectiva plural : Actas del Coloquio Internacional Santiago de Compostela, 23-24 de noviembre de 2006*. USC, Santiago de Compostela, 2008, pp. 227-250.
- CAGIAO VILA, Pilar: *A Gran Historia de Galicia de La Voz de Galicia*. Tomos IX (volumen I e II), e X (volumen I e II). Arrecife Edicións, A Coruña, D.L. 2007.
- COSTA RICO, Antón: *Historia da educación en Galicia*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2004.
- DOMÍNGUEZ ALMANSA, Andrés: *Agrarismo na Comarca de Compostela. 1900-1936: Cambio social e poder local no Concello de Teo*. Tese de Licenciatura. Santiago de Compostela, 1994.
- EIRAS ROEL, Antonio (ed.): *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1992.
- FERNÁNDEZ, Alejandro E. y MOYA, José C. (eds.): *La inmigración española en la Argentina*. Colección "La Argentina Plural", Biblos, Buenos Aires, 1999.
- FERNÁNDEZ, Marcelino; LEMA PÉREZ, Mariano: *Memoria da Emigración. Unidade Didáctica*. Concellería de Cultura do concello de Vedra, Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega. Imp. Litonor, 2000.
- FERNÁNDEZ, Marcelino; VILLARES PAZ, Ramón: *Historia da emigración galega a América*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

- FERNÁNDEZ PRIETO, LORENZO: *Labregos con ciencia: estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1850-1939*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1992.
- FILGUEIRA FERNÁNDEZ, Cristina (et al.): "Galegos cun pé en cada beira. Unidade didáctica (proposta de traballo sobre os Centros Galegos). En RODRÍGUEZ, Jesús; CASTRO, Montserrat; SOUTO, Manuel: *Centro Galego de Porto Rico*. Alternativa Editorial, Ourense, D.L 2003.
- GARCÍA GARCÍA, Iván; RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Jesús (coord.): *Programa educativo Ulla Elemental. Materiais e recursos didácticos*. Concello de Vedra, A Coruña, 2007.
- NEIRA PEREIRA, Henrique (et al.): *O Val do Ulla. Unha comarca natural*. Asociación Raiceiros, Vedra, 2006.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M.: *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900-1930)*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1998.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (ed.); CAGIAO VILA, Pilar [et al.]: *La Galicia austral; la inmigración gallega en la Argentina*. Biblos, Bos Aires, 2001.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente: *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*. Vol. I e II. Xunta de Galicia, A Coruña, 1991.
- REY CASTELAO, Ofelia: *Aproximación a la Historia rural en la Comarca de la Ulla*. USC, Santiago de Compostela, 1981.
- REY CASTELAO, Ofelia: "La emigración a América en la cuenca media del Ulla: un ejemplo de análisis comarcal". En *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*, Nº 4, Santiago, 1989.
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Jesús (et al.): *A ruta das Pedras. Material para o/a mestre/a*. Fundación Sotavento Galicia, Lugo, 2007.
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Jesús (et al.): *Roteiros pola Vila de As pontes*. Tórculo Artes Gráficas, A Coruña, 1996.
- SÁNCHEZ ALBORNOZ, Nicolás: "Medio siglo de emigración masiva de España hacia América". En SÁNCHEZ ALBORNOZ, N. (comp.): *Españoles hacia América. La emigración en masa. 1880-1930*. Alianza Editorial, Madrid, 1988.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alejandro: *La emigración gallega a América, 1830-1930*. Vol. I e II. Tesis Doutoral inédita. USC, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Santiago de Compostela, 1999.
- VILLARES, Ramón: *La propiedad de la tierra en Galicia (1500-1936)*. Siglo XXI de España Editores, S.A, Madrid, 1982.

- <http://100anosvedraemigrante.com>
- www.concellodevedra.es
- www.galiciaaberta.org
- www.valdoulla.com

A emigración en Vedra

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

100 años
das Sociedades
de Emigrantes do
Concello de Vedra



100
anos
das Sociedades
de Emigrantes do
Concello de Vedra



Concello
de Vedra